

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2014/10

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 25 de setembro de 2014.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do día **25 de setembro de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D. Horacio Cupeiro Rodríguez  
D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.  
D. Vicente Castro Reigosa  
D.Xavier Campos López

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije  
D<sup>a</sup> Azucena González Loredo  
D. José Manuel Yañez Dablanca (incorpórase)

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Secretario Xeral:**

D. José A.Carro Asorey

**Interventor:**

D. Luis Vázquez Parga

**Tecnico de Admón.Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2014.01.36.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 29 DE XULLO DE 2014.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2014.02.37.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL: ADAPTACIÓN AOS CONDICIONANTES DA ORDE DE 27 DE XUÑO DE 2014 DA SECRETARÍA XERAL DE URBANISMO.**

A instancia da Alcaldía o Secretario municipal da conta sintéticamente do proceso seguido dende a aprobación provisional o PXOM e requerimentos realizados pola CMATI, significando máis concretamente o último a que se refire a Orde de 27 de xuño. Indica que todos os epígrafes da referida Orde foron cumprimentados pola Empresa redatora do PXOM, Eptisa, que conta tamén cos informes emitidos tanto pola Oficina técnica como por Secretaría e Intervención obrantes no expediente.

Sinala que o que agora procedería é prestar aprobación en Pleno municipal así como a remisión dos documentos completos á Consellería para a súa aprobación definitiva.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións ( dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a proposta de aprobación do documento resolvendo os condicionantes do PXOM a que se refire a Orde de 27 de xuño de 2014 da Secretaría Xeral de Urbanismo para a súa aprobación polo Pleno municipal.

Intervén D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do Grupo Municipal do PSG-PSOE decindo que ahí o que se discute é unicamente a normativa edificatoria imposta pola Xunta de Galicia, que é a que aprobará definitivamente o plan.

Explica que el se absteu na aprobación inicial do Plan que se enviou á Xunta de Galicia, polo que agora tamén se vai abster de votar, aínda que sabe que iso é algo imposto polo órgano competente na materia. Opina que os redactores, técnicos e políticos da Xunta son unhas “tiquismiquis” polos recelos e cautelas referentes ao entorno da Praia de As Catedrais, pero que sen embargo cando se instalou o barracón na pista de A Devesa non houbo nin o máis mínimo e se apuraron en aprobalo, polo que agora quere que conste como unha crítica á actuación urbanística da Xunta de Galicia.

O Sr. Reymóndez comeza indicando que o seu voto vai ser que si, xa que foi o mesmo sentido que tivo sempre. Explica que isto foi un requerimento da Xunta por cuestións técnicas porque ao parecer detectaron algún erro que houbo que cambiar, polo que non vai facer ningunha observación de tipo

político e manifesta o seu desexo de que saia para adiante o Plan. Opina que o tema puido estar máis avanzado, pero que non lles queda outra que facer o que di a Xunta se queren aprobar o Plan.

O Sr. Valín manifesta que o seu grupo vai a votar a favor e que sendo consecuente, despois de longos meses e máis de un ano, que incluso houbo traballo feito pola corporación anterior, o voto vaia ser que si. Explica que el fala de acordo coa súa propia postura e que ésta concorda coa de dous membros máis do seu grupo municipal.

Fai referencia ao comentario do Sr. Gutiérrez onde dixo que a Xunta é quen aproba definitivamente os plans, pero que a proposta saiu do Concello e foi traballada minuciosamente por unha comisión na que estaban os catro grupos políticos da corporación e os técnicos.

Comenta que se lles deu nivel de participación ata onde quixeron, que puxeron pros e contras, habendo un bo consenso. Opina que aínda que o aprobe a Xunta a proposta é do Concello, traballada e consensuada por todos os grupos políticos.

Pídelle ao Sr. Alcalde permiso para que se manifeste o membro do seu grupo que non vai a votar a favor, xa que o resto do grupo vai a votar que si a esta proposta.

Intervén Dona María del Campo López-Braña Freije, do Grupo Municipal do P.P. manifestando que dende o primeiro momento cando se aprobou provisionalmente o plan a súa visión, dentro de que está na legalidade, é que é unha norma política e ideolóxica, polo que é una norma do Alcalde e do equipo de goberno do Alcalde. Explica que o tempo vai demostrando que non era técnicamente impecable no momento da aprobación inicial e que xa van dúas veces que ven devolto da Xunta.

Opina que se sole ver o enemigo fora, opinando que a Xunta pon pegas e que é “tiquismiquis”, pero que ao mellor habería que pensar se os Técnicos que ten contratados o Concello, polos que paga bastante, están a facer ben o seu traballo.

Di que Ribadeo precisa un Plan Xeral e o vai a ter, que será o aprobado polo BNG e que xulguen os veciños, e que por iso vai votar que non.

O Sr. Alcalde di que acepta as argumentacións de todo o mundo, que nunhas está máis de acordo que con outras. Manifesta o seu desexo de que se aprobe rápido o PXOM pero indica que non lle consta que nunca ningún plan fose aprobado á primeira na Xunta, sendo máis ou menos “tiquismiquis” e con máis razón ou menos razón de que os técnicos poidan ser mellores ou peores, pero que nunca tivo coñecemento e cree que ninguén tampouco de que un plan se aprobase á primeira.

Di que lamenta diferentes cousas que foron pasando, pero que cada un sabe da súa casa, pero quere aclarar que non é o plan do equipo de goberno se non que é o plan do Concello e da Corporación de Ribadeo porque se preocuparon sempre de que estiveran todos, e que eles, non como partido, se non como persoas, van transcender e que nunhos anos non estarán ahí.

Pensa que os que tiveron durante anos traballando lle deron unha lección a moita xente de Ribadeo e de fora de Ribadeo de que se podía facer algo para que durase, sen prexuízo de que iso poda ter un erro de fondo e que algún día se poida chegar a tumbar, pero que non foi feito con esa intención, que foi feito atendendo aos requisitos exhaustivos da Xunta e que ao final é un plan que vai aprobar a Xunta cando queira.

Explica que as opinións informais que os Técnicos da Xunta manifestaron fai uns días cando lles deron un prazo para someter o asunto a votación eran que ao seu xuízo estaba correcto de acordo coa normativa e a lei vixente.

Pon por testigos a todos os portavoces desta e da anterior corporación que estiveron en todas as sesións e lamenta que concelleiros de grupos que persoalmente non estiveron reiteren determinados argumentos de cando foi a aprobación provisional porque non son correctos, pero que alá cada un coa súa conciencia e coa súa responsabilidade.

Manifesta que está moi orgulloso aínda que non sexa o mellor plan do mundo, que supón que se podería facer doutro xeito, pero que se fixo coa mellor das intencións para que fose un plan duradeiro e que se adaptase ás necesidades de Ribadeo dentro da legalidade e da normativa vixente.

A Corporación, en votación ordinaria por once votos a favor ( sete dos membros do BNG, tres dos Concelleiros Sres. Valín Valdés, Yañez Dablanca e Sra. González Loredó, do Grupo do PP e un do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e dúas abstencións ( do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto e da Sra. López-Braña Freije do Grupo do PP), que representan a maioría absoluta legal de conformidade co disposto no artigo 47.2 da vixente Lei 7/1985, de 12 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, .acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e na súa consecuencia aprobar o documento urbanístico resolvendo os condicionantes do PXOM a que se refire a Orde de 27 de xuño de 2014 da Secretaría Xeral de Urbanismo así como a súa remisión á CMATI para a aprobación definitiva do PXOM de Ribadeo.

Durante a deliberación e votación deste asunto incorporouse o concelleiro Sr. Yañez Dablanca do Grupo Popular.

#### **2014.03.38.- CRITERIOS PARA DISTRIBUCIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL MUNICIPAL.**

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

Vistos os criterios xerais para a asignación individualizada do complemento de produtividade ao persoal do Concello.

Visto que os mesmos foron sometidos á Mesa Xeral de negociación conxunta para persoal funcionario e laboral desta entidade con data 2 de setembro de 2014 prestándose aprobación por unanimidade.

Esta Alcaldía,

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa se adopte o acordo de aprobar os criterios de referencia para a asignación de xeito individual pola Alcaldía-Presidencia conforme aos mesmos do complemento de produtividade.

O Alcalde fai unha síntese do proceso que se levou cos representantes do persoal ata chegar a estes criterios que foron asumidos polos sindicatos na última reunión da Mesa Xeral de negociación.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións ( dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a proposta de criterios de distribución do complemento de produtividade de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Intervén D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto indicando que a cantidade global non lle parece significativa e que non ten transcendencia porque non é unha cousa relevante.

Referente ao dous criterios de reparto, pensa que debora ser ao revés, cuestións máis observables e non unha primeira parte que é practicamente fixa e que permite xogar moi pouco co complemento de produtividade. Di que neste caso podería ser un complemento de destino, pero que en todo caso isto lle corresponde evaluálo ao goberno municipal cunha certa periodicidade, polo que se vai abster.

O Sr. Reymón Gancedo, de UPRI no Grupo Mixto di que aí teñen unha proposta do equipo de goberno que constitúe un avance na materia do reparto do complemento de produtividade. Explica que como se dixo antes hai dous tipos de criterios, un deles que corresponde ao 65% é pola asistencia ao

traballo por parte dos traballadores do Concello e o outro criterio é o efectivo rendemento no traballo, que está máis ou menos nun 35%.

Manifesta que isto debería ser de outro xeito e que se debería valorar máis ou rendemento do traballador. Di que ese segundo criterio non sinala como se vai a valorar e cuantificar dito concepto, salvo cos informes dos responsables de cada departamento non hai outra cousa para valorar o rendemento do traballador. Opina que ahí hai un vacío e un limbo que pode ser algo perigoso.

Explica que para él sería moi importante realizar unha aclaración para garantir que ese reparto é xusto no sentido de que, por exemplo, se tería que valorar cuestións non só como a asistencia se non o rendemento e a actividade extraordinaria, o interese do traballador, a iniciativa do traballador e o esforzo de cada traballador nas súas funcións. Di que nada deso se contempla agás o rendemento do traballador valorado nun 35%.

Na súa opinión di que falta moito por facer, que isto é un avance que ao mellor se fixo para salvar as formas e a Intervención non poña reparos. Tamén cree que iso se podería mellorar moito e que realmente se podería facer máis xusto, polo que neste caso indica que se vai abster.

Intervén de seguido dona Azucena González Loredo do Grupo Popular e di que a palabra que se lle ocorre para definir iso é un “paripé”. Explica que foi aprobado por unanimidade en mesa xeral e que lle parece inaudito que os sindicatos aproben que o 35% se distribua polo Alcalde e lee literalmente: “que poderá pedir informes”. Indica que os informes non son preceptivos.

Opina que vendo literalmente o que se di nos criterios o Sr. Alcalde ten ese 35% a libre disposición.

Con respecto ao outro 65% di que en realidade é por vir traballar e non cometer faltas disciplinarias e que ela cree que a produtividade é outra cousa, que sabe que lle van dicir que antes se estaba a dar de outro xeito que era moito peor, pero que si se fai unha base hai que poñer outros criterios que premien, e non como se fai agora que é castigar ao que non fai o que ten que facer quitándolle a produtividade.

Explica que ao que non fai o que ten que facer se lle castiga de outra forma, con sancións e expedientes disciplinarios ou co que sexa, pero dicir que van a pagar esa produtividade por facer o que teñen que facer, que non hai outra cousa para decilo, pola asistencia ao traballo e a ausencia de sancións.

Di que ela cree que poden seguir facendo o que lles pete cos 127.000 € que decía Eduardo Gutiérrez que é unha cantidade insignificante, que si, repartido entre todos os traballadores é unha cantidade insignificante pero que 127.000 € non deixan de ser 127.000 € e que, por certo, inclúen a compensación do IPC, que non era legal no seu momento e que agora é unha subida de salario encuberta e que cando sexa maior quere traballar aquí porque hai unas condicións de traballo inmellorables.

Continúa decindo que todo isto soamente é un traxe que vai facer que intervención teña unha base legal para decretar que se pode repartir, en base ao que está aprobado, a produtividade e non lle repare as nóminas.

Manifesta que independentemente de todo o que acaba de dicir non van a ser eles aos que os traballadores, cando os vexan na rúa, lles digan: vos fústedes os que nos votasteis en contra do aguinaldo ese.

Di que son os criterios deles, que os negociaron e os sindicatos estiveron de acordo, que se imaxina que os traballadores estarán encantados, que o Sr. Alcalde gañou e que o Interventor non lle repare as nóminas, e todos contentos.

Indica que eles non lle van votar en contra, pero que lóxicamente tampouco a favor, polo que se van abster.

O Sr. Alcalde da as grazas e indica que o primeiro que quere dicir é que a produtividade dos traballadores é un dereito, que non é un aguinaldo nin algo gracioso que sacaran eles da manga, se non

algo polo que estaban cobrando e que dende hai uns meses a raíz dos reparos se deixou de pagar mentres non buscaran un método de reparto da produtividade axustado á lei.

Dille a todos os que se absteñen que é realmente complexo, que queren facelo de boa fe, pero que é complicado, porque se un valora absolutamente que esto se dea por vir a cumprir o horario é inxusto porque os esforzos singulares decaen, pero que si pola contra un valora absolutamente os esforzos persoais sen ter en conta a presenza ou o absentismo se pode caer en algo que acusa ao Alcalde de ser unha persoa que premia ou castiga de maneira arbitraria.

Explica que con esta cuestión subxectiva o que fai é, por unha parte, o que manda a lei, que o Alcalde ten que repartir a produtividade, pero que para garantir a maior obxetividade posible estableceron criterios nos que os xefes de servizo se involucran, aínda que con algunhos lles costou porque non queren ser os xuíces, e que os Concelleiros onde non hai xefes de servizo tamén se involucran. Di que onde non hai Xefes de servizo nin Concelleiros se involucra o Alcalde.

Continúa decindo que o Alcalde podía regulalo todo, pero que non ten o coñecemento dos 96 traballadores que hai a día de hoxe.

Di que é consciente de que calquera método, e que intentaron buscar varios, teñen os seus pros e as súas contras, e que incluso algunhos sindicatos pretendía que eles non interviran en nada e que fora absolutamente o 100% pero que sería inxusto.

Explica que o método pode ir cambiando co tempo pero que o peor é que ata agora non tiñan método e as nóminas continuamente se reparaban. Que agora si que teñen método e que non é soamente que cobran por vir a traballar se non que se trata de reducir o absentismo xa que con cantos menos días collan máis garanten unha parte e na outra que é subxectiva o Alcalde dille aos xefes de servizo que cubras estadiños para ver se cumpren ou non os traballadores coas súas funcións, si se esforza, si mostra disconformidade, si mostra dispoñibilidade para colaborar cos compañeiros, si cumpre as ordes de traballo dos superiores e de outros departamentos, etc... e que se valora se foi maior, menor, regular ou mal.

Manifesta que todo é cuestionable pero que se vai a intentar a ver como vai e que para o ano que ven a seguinte corporación poderá cambiar ou axustar esto ou equilíbralo. Di que tamén e certo que isto se intentou facer de común acordo cos sindicatos, que el non dí que son as mellores bases, que son uhas.

Manifesta igualmente que no debate da mesa de negociación algún sindicatos decían que o 100% e outros decían que iso non podía ser e non había unanimidade, polo que ao final se acordou isto entre todos.

Intervén Dona Azucena González Loreda decindo que está de acordo con él en que a produtividade é un dereito e que según o Decreto Lexislativo 1/2008 o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo.

Explica que ela non di que sexa ilegal ni que se lles esté a regalar nada, que está a analizar os criterios cos que iso se vai a repartir por un lado, e que por outro lado todo eso que lle conta o Sr. Alcalde do estadiño lle parece moi ben pero que iso non está nos criterios, so se di que “poderá pedir”, polo que isto vai rexir ata que se aprrobe un novo convenio.

Manifesta que non dubida de que o Sr. Alcalde vaia a pedir o estadiño, pero que agora se está a aprobar que o “Alcalde poderá pedir” dándolle a posibilidade ao próximo Alcalde que veña despois de pedir ou non isto ou dalo arbitrariamente, polo que ela critica a redacción dos criterios. Di que si puxera “que lle pedirá informes ao xefe de área” a ela lle sirve, pero que así non.

O Sr. Alcalde insiste que eles fan o que marca a lei e que queren darlle unha maior concreción. Di que todo o que se estivo lendo ata agora non está aprobado, que foron adiantando o traballo para ver si se podía aprobar nese Pleno, pero que aínda non está en vigor, esperando que o estea a partir de agora.

Explica que se algún día cambia o Alcalde ou cambia a corporación deciden facer o que lles pete xa é a súa responsabilidade, pero que eles poderán pedir, están pedindo e seguirán pedindo informes.

Di que tamén se poden darse casos de que traballadores se sintan coartados de que o seu superior os evalúe, polo que non é unha circunstancia fenomenal xa que todas teñen os seus pros e os seus contras, que pode haber xente que diga que o seu superior lle ten manía e que non o valora ben.

Rematada a deliberación a Corporación, en votación ordinaria por sete votos a favor (dos membros do BNG) e seis abstencións (catro dos Concelleiros do Grupo do PP, un do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto e outr do Concelleiro do PSG-PSOE tamén no Grupo mixto)acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e na súa consecuencia aprobar os criterios para asignación individual do complemento de produtividade ao persoal do Concello que de seguido se indican:

### **“CRITERIOS XERAIS PARA A ASIGNACIÓN INDIVIDUALIZADA DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE**

A asignación individualizada do complemento de produtividade realizarase de acordo cos seguintes criterios :

1º. O complemento de produtividade será de aplicación ao persoal funcionario, interino e laboral fixo e temporal cunha vinculacion superior a 12 meses continuados do Concello de Ribadeo.

2. A contía total a abonar por este complemento será a de 42.182,47 euros para persoal funcionario e 84.835,60 euros para o persoal laboral (*contía consignada orzamentariamente para este concepto para o exercicio 2014*)

3. O pago do complemento de produtividade realizarase preferentemente con carácter cuatrimestral nas nóminas dos meses de abril, agosto e decembro.

4. O 65% da contía correspondente ao complemento de produtividade distribuirase entre o persoal sinalado máis arriba, en función de parámetros obxectivos e baseados na efectiva asistencia ó traballo e ausencia de sancións disciplinarias. O 35% restante distribuírase polo Alcalde en función do efectivo rendemento de cada traballador. Co fin de avaliar o dito rendemento o Alcalde poderá pedir os informes que considere precisos aos responsables de cada área ou departamento.

5. A incentivación da asistencia efectiva, da puntualidade e permanencia no traballo ten como finalidade fomentar o estrito cumprimento horario obrigatorio, a asistencia ao traballo e reducir o absentismo laboral.

6. Non se computarán a efectos de cálculo por este concepto as horas que, fóra do horario obrigatorio, e que sexan pagadas como gratificación ou mediante calquera outro tipo de remuneración pecuniaria, en especie ou compensatoria. O cálculo de horas esixible efectuarase de acordo coas instrucións vixentes en cada momento sobre horarios de traballo.

7. Considerase como asistencia ao traballo a asistencia efectiva ao posto de traballo de tódolos días que se determinen no calendario laboral municipal, non sendo obxecto de cómputo os días de non asistencia ao traballo por calquera causa (permiso, vacacións, ITs ...)

8. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

9. As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento dos representantes sindicais.

10. Corresponde ao Alcalde a distribución individual de dita contía entre o persoal sinalado máis arriba, de conformidade co determinado nesta bases. Calquera dúbida que xurda en canto a súa aplicación ou interpretación, serán resoltas polo Alcalde.

11.-Recoñécense efectos retroactivos en relación á valoración do cumprimento dos criterios obxectivos con efectos de 1 de xaneiro de 2014.”

#### **2014.04.39.--DACIÓN DE CONTA DE EXPEDIENTE 15/2014 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2014.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a modificación de créditos núm. 15/2014 do orzamento municipal actual. A Comisión dase por enterada.”

O Sr. Alcalde explica que se trata de unha dación en conta por un ingreso dunha subvención de 49.490 € para amañar a Praza de Abastos da Dirección Xeral de Comercio e que nos orzamentos do 2014 que se acababan de aprobar hai dous meses aparecen 32.000 € para esa obra da Praza de Abastos.

O Concelleiro de Economía e Facenda aclara que eso era porque estaba previsto facelo con fondos propios. Aclara que é unha subvención de concorrencia competitiva e que ao igual que outros concellos non sabían o que lles ían a dar, polo que puxeron nos orzamentos esa cantidade de fondos propios, que si se poñen, non en tanta cantidade, pero que si ten que aportar o Concello fondos propios.

Sen promoverse mais deliberación a Corporación, por unanimidade dos seus membros, dase por enterada.

#### **2014.05.40.-CONVENIO CON ACISA PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente o texto do convenio epigrafiado así como informes emitidos por Secretaría e Intervención.

Pola Alcaldía se explica que se trata dun convenio como os asinados con anterioridade para a dinamización comercial en Ribadeo durante o período de referencia.

Sen promoverse mais deliberación, a Comisión Informativa por catro votos a favor (dos membros do Grup do BNG) e 3 abstencións ( dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente o mesmo para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

O Sr. Alcalde manifesta que na comisión informativa do outro día se comentaron aspectos sobre este convenio que pretende ser o terceiro, que houbo dous anteriores xa, e por un trienio.

Intervén o Concelleiro do PSG-PSOE D. Eduardo Gutiérrez Fernández que manifesta que estes convenios son moi importantes e que está de acordo, tal e como se dixo o ano pasado que a asociación transformou Ribadeo e que parece ser que é a palanca que pedía alguén para mover o mundo. Opina que en algunhas ocasións contribueu algo e que noutros momentos foi un elemento retardante.



Manifesta que habería que entrar en algún detalle máis, xa que non chega soamente coa propaganda máis comercial, máis ou menos acertada que é propia dun ruego e non dunha vila deste tipo e que habería que meterse en algo máis e non estar só coas Catedrais e o turismo, aínda que vaia moi ben.

Pensa que o comercio mellorou en algún aspecto pero que noutros está algo atrasado, como por exemplo establecementos abertos ao público que deberán ter unha limpeza exquisita, que non di que se transformen ao nivel alemán, pero que hai locais que distan moito dos cánones establecidos.

Explica que sen embargo hai vilas e cidades que sí fixeron unha transformación importante, por exemplo a parte de Santiago máis hosteleira antes era unha mistura de cheiros e agora está perfecta dende o punto de vista comercial. Indica que iso se deberá mirar e que ás veces o Concello debería poñer mala cara e dicir as cousas, que non entra no articulado do convenio, pero que hai que dicir as cousas como son, que se repartiron moitos espellos máxicos onde cada un ve reflexada a súa imaxe máxica e irreal.

Manifesta a súa intención de absertese.

Intervén a continuación o Sr. Reymóndez Gancedo de UPRI e manifesta que él si que entra no articulado deste convenio entre o Concello e ACISA, porque realmente éste é un convenio entre unha asociación de comerciantes e un concello, e que despois cada un alá co que faiga, que se é unha asociación deportiva ou cultural o concello ten diferentes convenios ou outorga diferentes subvencións e con algunhas fai unhas convenios e con outras ao mellor non od fai.

Explica que neste caso se fala de 11.000, 13.000 e 14.000 euros en diferentes anualidades e que hai un informe de intervención que non contradice este convenio e que esta é unha das poucas ocasións nas que o interventor non pon pegas ao que fai o goberno municipal, pero que sen embargo os servizos xurídicos si poñen pegas e poñen no informe que posiblemente o Concello incumple a Lei 27/2013 no que se refire ás competencias do Concello.

Comenta que a esencia deste convenio é a dinamización e impulso do comercio da vila.

Di que lle parece moi ben que haxa un convenio deste tipo entre dúas entidades, unha política e outra comercial, pero que lle chama moito a atención algunhos compromisos do Concello e os cartos que xa dixo.

Comenta, referente á renovación do mobiliario urbano, que lle parece moi ben pero que non ten nada que ver co convenio con ACISA, xa que iso é unha obriga do Concello aínda que sexa en zonas comerciais, igual que a limpeza das rúas. Por iso di que da igual que haxa convenio ou non porque iso son obrigas dos que gobernan.

Menciona que tamén hai certas obras públicas que se compromete a facer o Concello, pero que todo iso de manexar diferentes cuestións que son obrigas e se podería comprometer con calquera asociación.

Comenta que ao que non se compromete o Concello, como se vai a ver despois nos decretos de alcaldía, é comprar o maior posible no comercio local, porque hai moitas cousas que podían comprarse e aparecen nos decretos e sen embargo se compran fora.

Referíndos aos cartos que supón, 11.000 no 2014, di que non lle parece nin moito nin pouco porque co que está caendo supón que o Concello terá que facer malabarismos para xuntar os cartos. Explica que no 2015 son 13.000 € e no 2016 son 14.000 €. Pensa que o máis lóxico e coherente sería facer un convenio a dous anos porque no 2016 o BNG pode estar gobernando ou non.

Reitera que para él o máis prudente era facer un convenio de dous anos e non venderlles aos comerciantes nin contentalos cos 14.000 € do ano 2016, porque ao mellor non se lles poden dar ou ven outro goberno e cambio. Manifesta que o máis lóxico sería iso ou crear unha comisión de xestión conxunta mixta entre o Concello e os membros de ACISA.

Explica que lle parece ben esa comisión no sentido de que as actividades de ACISA poderían pisar as actividades propias do Concello, por exemplo as actividades lúdicas de verán poden pisar algunha actividade de tipo cultural ou de turismo, polo que ten que haber unha conexión ou comunicación entre ambos.

Comenta que iso dunha comisión xestora onde ACISA teña que dar conta ao Concello de todo o que se fai lle parece unha inxerencia, por parte do equipo de goberno en cuestión, nunha asociación sen ánimo de lucro, que non é nin cultural nin política nin deportiva, que é empresarial e lóxicamente ese control lle parece excesivo por parte do Concello. Di que ao goberno municipal do Bloque lle gusta controlar todo, pero que iso xa lle parece esaxerado.

Para rematar, manifesta que él leu convenios que hai con outros concellos e asociacións empresariais e que hai unha subvención de 20.000 euros ou 10.000 euros e dille ao Sr. Alcalde que se deixe de tantas mesas e lle deconta do que se vai facer con eses cartos. Reitera que todo o que fai lle parece esaxerado, polo que se vai abster.

Dona Azucena González Loreda, do Grupo municipal popular manifesta que os membros dos seu grupo tamén se van abster. Explica que é un convenio trianual, que para o ano que ven hai eleccións e que ao mellor se podería establecer de outra forma.

Di que ela si se vai a meter nos 12.000 porque, tendo en conta que na conta xeral ingresaron 874.000 euros máis do que gastaron, podía axudar un pouco máis ao comercio porque ao final, efectivamente é unha asociación sen ánimo de lucro pero darlles este diñeiro non é axudar directamente ao comercio porque non inclúe a todos os comercios de Ribadeo.

Comenta que, tal e como decía o Sr. Reymondez Gancedo non deixa de ser unha asociación empresarial e que eses 12.000 euros ben invertidos e aplicados é unha inxección directa á economía local, porque ao final é axudar ao comercio para que se cree emprego.

Opina que o equipo de goberno non fai ningún esforzó extraordinario con eses 12.000 euros, que xa sabe que o van subindo, pero que a cantidade non lle parece ben.

Di que tamén coincide con concelleiro de UPRI en que algunhas das súas obrigas, que queda moi bonito poñelas no papel, pero que ao final son as súas obrigas, e que as obrigas do centro comercial aberto van pouco máis alá de dar conta do que se fai e do que se prevé facer.

A continuación pregúntalle ao Sr. Alcalde se o acordo por parte de ACISA xa está tomado. Explícase decindo que este Pleno vai tomar unha decisión sobre un acordo de colaboración cunha entidade e lle gustaría saber se esa entidade, a outra parte do convenio, xa ten o acordo tomado de este convenio e se ao equipo de goberno lle consta que o acordo está tomado e se teñen algún tipo de certificación ou acta de que isto está aprobado.

O Sr. Alcalde contéstalle que, en canto ao diñeiro, manteñen a mesma cantidade que cando o presuposto era máis elevado e que a partir do ano que ven van subindo lixeiramente, pero que a pesar de que pechen con remanente positivo teñen que gardar partidas por se por exemplo a Xunta non lles da a súa parte para a residencia e teñen que volver a tensionar a tope a tesouraría municipal. Di que ogallá puidarán dar máis diñeiro e que tampouco é ningún invento que este vai ser o cuarto convenio, e que van intentando afinar cada vez máis os obxetivos comúns xa que a misión do Concello é lograr unha mellor calidade de vida dos seus veciños e intentar apostar polos sectores productivos que hai.

Explica que o sector productivo máis importante que ten Ribadeo é o de servizos, que o primario está moi reducido e o secundario casi non existe aínda que haxa un polígono industrial porque non se dan as circunstancias macroeconómicas para que a xente veña.

Manifesta que puideran incidir nos outros sectores, pero que o fan onde poden e que estas medidas están rozando o límite da legalidade, pero que son legais, e que coa modificación da Lei de Bases os Concellos, seguíndoa estrictamente, non tería dereito a asinar estes convenios que repercutan nunha inxección na

economía local. Reitera que o fan de tal xeito que se axusta a dereito e que non queren tomar resolución inxustas, que queren que a xente se sinta cómoda en Ribadeo e que compre.

Aclara que fan unha serie de actividades e que se comprometen a outra serie de actividades, que sabe que poñen cousas que non debería poñelas pero que están pero que tamén supón que hai moitos concellos que teñen a obriga de que as fachadas das casas estean nunha situación de decoro e máis non o fan, e que eles o intentan facer e a veces hai certas incompreensións. Explica que o poñen porque se comprometen a facelo porque quizais anteriormente o éxito que tivo Ribadeo dende o punto de vista comercial foi grazas a esas rúas que se foron amañando e humanizando, as cales partiron dun consenso pactado previamente cos comerciantes.

Explica que todo iso ao principio foi complicado e que se está a remitir a periodos nos que el nin siquera era concelleiro, pero que ao principio de ser concelleiro tamén recorda obras que foron moi complicadas.

Comenta que fai tres anos quedaron en amañar tres ou catro espazos públicos e que os foron amañando, a pesar de que este ano ao non dar subvención Comercio non puideron rematar o seu obxectivo de arranxar a rúa Ramón González, pero que confían en poder facelo para o ano que ven.

Tamén confían en arranxar a rúa de San Roque, que sabe que a teñen que amañar pero que tamén podían destinar ese diñeiro a amañar outras cousas.

Explica que non se pon porque o papel aguante todo se non porque son obxetivos e compromisos que teñen e que a esencia dese convenio non deixa de ser a que houbo nos anteriores, que teñen que xustificar todos porque dende hai un tempo as subvencións hai que xustificalas, motivar o que se fixo e traer xustificacións para que o Interventor non repare; soamente se trata de dar cumprimento á documentación das subvencións.

Tamén explica que a Ribadeo ven máis xente nos últimos anos, remitíndose a cuestións puramente obxetivas, e que é certo que esa xente busca rúas de comercio e iso non é porque éste sexa o goberno mellor do mundo nin porque os comerciantes sexan mellor que en Alemania, se non que é por unha conxunción, que aínda que teña erros, se está facendo.

Menciona que entre os concellos de A Mariña, a nivel comercial, non hai quen poida con Ribadeo, con todas as deficiencias que poida ter tanto por parte de algunha xente como por parte do Concello, polo que pensa que están a avanzar pasiño a pasiño. Tamén di que a ver cantas ACISAS hai na Mariña e a ver cantos concellos teñen convenios con elas, que non sabe si lle sobrarían os dedos dunha man.

Continúa a deliberación no referente a “humanizar as rúas” e sobre os 50.000 euros que acaban de conceder pola Xunta para arranxar a Praza de Abastos.

Comparte a opinión do Sr. Alcalde del que o sector productivo con máis puxanza e que lles pode axudar a superar mellor a crisis é o comercio, polo que lle está a dar a razón de que se faga un maior esforzo se se pode.

Explica que eles non votan en contra dese convenio, a pesar de que non inclue todo o comercio, porque gran parte das cousas que se fan con ese diñeiro e con outro que recibe ACISA redundan ao final na mellora do pobo, na urbanización, etc, polo que se diñeiro que da o Concello non vai a parar a cousas puntuais dos membros.

Por último, dille ao Sr. Alcalde de que a promoción turística de Ribadeo comezou moito antes do ano 2003 que foi cando el entrou no goberno; que o Centro Comercial Aberto se constituiu antes do 2003; que a peatonización das rúas se fixo en gran parte co ARI e que tamén estaba feito cando chegou ao goberno.

O Sr. Alcalde respóndele que descoñecen se ACISA ten chegado a un acordo, que supoñen que si porque a lei das asociacións di que para asinar un convenio deberán estar facultados; explica que ao aprobar isto se terá que levar a unha sinatura posterior, que el asinará facultado polo Pleno e que supón que o Presidente de ACISA asinará facultado pola asemblea ou Xunta Directiva.

Explica que eles non se queren colgar ninguna medalla, que di humildemente en todo aquilo que puideron axudaron a mellorar e que as cousas que había feitas de antes as aproveitaron todo canto puideron e que tamén é certo que a Xunta lles da 49.000 euros.

Comenta que antes, con independencia do goberno que fose, e que xa sabe que o diñeiro era menos, pero antes as subvencións para San Francisco eran 270.000 euros, para Ramón González eran 200.00 euros e que ningún ano foi inferior a 150.000 euros; agora son 49.000 euros e este ano xa non houbo convocatoria, polo que apelaron ao que había, xa que outros anos había ata dúas convocatorias de subvencións para prazas e rúas. Opina que a Praza de Abastos precisa moito máis diñeiro, pero que agradecen o que lles dan.

A Corporación, por sete votos a favor (dos membros do BNG) e seis abstencións ( catro dos membros do PP, unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto e outra do Concelleiro de UPRI tamén no Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión e na súa consecuencia ao Convenio marco de colaboración entre o Concello de Ribadeo e ACISA para dinamización comercial de Ribadeo, período 2014-2016 que se engade como anexo a continuación.

### **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E ACISA PARA DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE RIBADEO 2014-2016**

Aprobado polo Pleno Municipal en sesión de

En Ribadeo, a de de 2014.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Fernando Suárez Barcia, co D.N.I.: 77594115-G, maior de idade, como Alcalde do Excmo. Concello de Ribadeo, CIF P2705100B e domicilio en Praza de España, nº 1. 27700-RIBADEO.Lugo.

Da outra parte, D. Roberto Ramos Piñeiro co D.N.I. 33.316.729X, maior de idade, como Presidente da Asociación de Comerciantes, Industrias, Servizos e Autónomos de Ribadeo – ACISA e domicilio en Avda. de Galicia, 20 2º Planta, 27700 Ribadeo

#### **INTERVEÑEN**

O primeiro en nome e representación do Excmo. Concello de Ribadeo co C.I.F. P2705100B e domicilio en Praza de España, 1-Ribadeo (Lugo),

O segundo en nome e representación da Asociación Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo- ACISA-e domicilio Avda. de Galicia, 20 2º Planta, 27700 Ribadeo.

As partes recoñécense capacidade suficiente para obrigarse en virtude do presente convenio, e actuando cada unha de elas en uso das facultades que teñen conferidas, tendose acordado polo Pleno Municipal con data xx/xx/2014 a aprobación deste instrumento.

#### **ANTECEDENTES**

##### **O comercio en Ribadeo. Un comercio de proximidade**

O comercio en Ribadeo sempre desempeñou historicamente un papel fundamental no desenvolvemento económico da vila.

Hoxe en día e non cabe ningunha dúbida a actividade comercial en Ribadeo constitúe unha das principais actividades económicas da nosa vila, tanto desde unha perspectiva de emprego como de riqueza xerada no territorio onde se asenta.

Ribadeo é o municipio cabeceira da Mariña Oriental , parte da Central e Occidente Asturiano por ser a localidade máis equipada e con máis servizos dentro da súa contorna. Así mesmo é o municipio que máis pode ofrecer tanto aos seus visitantes e residentes.

Este feito confire á nosa vila un marcado rango urbano comparables coas pequenas cidades, reflectíndose no dinamismo das súas rúas e estilo de vida en xeral, e que fai de Ribadeo un lugar moi atractivo no que vivir, traballar, comprar e visitar e unha das melloras opcións dentro da súa contorna.

**Sintetizando, podemos decir que comercio de proximidade é un dos motores máis importantes das vilas, dando vida as súas rúas, sendo fonte de traballo e creación de riqueza e cohesión social. Isto, e desde unha perspectiva ampla, significa que o comercio fai vila, sendo , tamén , o motor que constrúe a realidade dos e das ribadenses.**

Cómpre por elo valorar a súa importancia na contribución social, urbana e territorial. O que indica que se debe apostar por unha maior integración e relación da actividade comercial e actividades sociais que teñen lugar na nosa vila.

Engadir ao anterior, o feito de que o comercio é unha palanca importante para promocionar os produtos locais e contribuir a fixar as empresas ao territorio e fixar e xerar postos de traballo en toda a cadena de suministro.

Por outra banda , Ribadeo é hoxe un vila turística en auge, que goza dun amplo recoñecemento e valoración internacional é buscada por moitos e varios tipos de público. Neste senso o comercio é unha actividade económica que presenta numerosas sinerxias con outras actividades ( turismo, cultura, tencoloxías móbiles, creatividade ...).

Nun contexto no que o consumo non é capaz de repuntar, estes sectores (especialmente o turismo) representan actualmente un dos poucos segmentos e oportunidades de crecemento así como maior capacidade de compra.

Por todos estos motivo, débese potenciar oa máximo as iniciativas que permitan captar e capitalizar ao máximo á compra a estos sectores aunado sempre ao obxectivo de consolidar o comercio de proximidade.

A relación entre o comercio e estos sectores afíns xeralmente se relacionan a través de proxectos concretos e actuacións específicas , pero en poucas ocasións se integra coma unha cuestión estratéxica e visión integradas.

Este convenio, deberá contribuir a asentar as bases para establecer una interrelación entre o comercio e outras actividades dunha maneira sistemática e xeralizada, de forma que se trate de propiciar a coordinación entre os departamentos que afecten ao comercio ( urbanismo, mobilidade, cultura, turismo ... )

### **Un breve achegamento a situación actual**

Segundo se desprende das bases de datos do concello referentes a novas aperturas constatamos un fluxo continuo de novas aperturas (que tamén peches). Isto tamén se reflicte logo dun paseo polas rúas de Ribadeo, dado esto podemos salientar que este sector mantén unha actividade dinámica e emprendedora moi significativa como o demostra este continuado crecemento.

Esto permite, o mantemento a taxa de renovación do comercio, unha rexeneración dos/das persoas comerciantes, a modernización do sector, así como unha diversificación e maior calidade da súa estrutura comercial.

**Esto é especialmente significativo se temos en conta que o modelo de Ribadeo responde a un modelo de proximidade, calidade, servizo e diversidade.**

Cómpre aquí, tamén salientar que o comercio de Ribadeo está integrado en moitas outras actividades, culturais e turísticas, é sen dúbida algunha un sector moi transversal.

Se atendemos a súa evolución podemos pensar que estamos ante un punto de inflexión na traxectoria deste sector. No que inflúen varias premisas;

- O sector de crise no que vivimos inmersos repercute a capacidade de compra das familias e muda os seus hábitos de consumo, o que deriva inmediatamente en novas necesidades e formas de consumir, novos modelos de consumo.

- Un sector no que as novas tecnoloxías e avances está mudando tamén a forma de funcionar do mesmo, salientando tamén a gran evolución do comercio electrónico.

- O remate do trazado da autovía A8 fai máis accesible novos espazos xeográficos – cambiando o sentido das distancias con respecto ao noso municipio - abrindo novas oportunidades e/ou ameazas para a nosa vila no sentido que Ribadeo pode ser porta de entrada como de saída.

## **EXPOÑEN**

-I Que a Asociación de Comerciantes, Industriais, Servicios e Autónomos de Ribadeo, como representante do colectivo do comercio da nosa localidade, e ó abeiro do programa cuatrienal de modernización do sector comercial comerciante polo miúdo de Galicia establecido pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, efectuou un estudo de viabilidade sobre a implantación do Centro Comercial Aberto (C.C.A.), como fórmula de renovación do comercio de Ribadeo. Tal programa tense comenzado en 2007 tendo continuidade na actualidade.

-II-Que o Concello de Ribadeo, da mesma maneira cree necesario levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a articulación de medidas que fomenten esta renovación comercial apoiando iniciativas, xestións ou actuacións que se desenvolvan dentro do marco conceptual de centro Comercial Aberto.

III.-Que ó amparo do anterior Convenio, xa se teñen levado a cabo actuacións no ámbito de aplicación do mesmo, como coa sinalización de establecementos adheridos, peonalización de varias rúas ribadenses, actividades de dinamización e modernización comercial, entre outras.

Especificamente por parte do Concello de Ribadeo no período 2010/2013 executáronse, sen ánimo de exhaustividade, tanto con fondos propios, como coa subvención da Comunidade Autónoma as seguintes actuacións:

- A peonalización da Ramón González
- A promoción das melloras das fachadas e edificios emblemáticos
- A rehabilitación de diversas rúas no Casco Vello e proseguir coa substitución de tuberías de chumbo.
- A xestión de actuacións de mellora e rehabilitación do entorno urbano da Praza de España.
- Actividades formativas.
- . Actividades de dinamización e promoción comercial.

ACISA pola súa parte continua mantendo e xestionando Oficina técnica do Centro Comercial Aberto e ten realizadas entre outras as seguintes actividades:

(descripción das principais accións realizadas, non exhaustiva)

- Campañas publicitarias ( De rebaixas de inverno, San Valentín, Antroido, Día do Pai, da Nai, de Primavera, Rebaixas de Verán)
- Patrocinios (Cabalgata de Reis, Festa de Antroido, Semana Santa, etc.)
- Merchandising
- Imaxe Corporativa
- Convenios
- Publicidade
- Actividades formativas
- Integración das PEMES na Sociedade da Información

Dos antecedentes mencionados derívase que o Centro Comercial Aberto que evolucionou dunha realidade inicial mais limitada, cara a un proxecto estratéxico, que precisa un desenvolvemento e consolidación nos próximos anos, e para o que a interlocución, a colaboración e o deseño transversal de actuacións entre o Concello e ACISA son o instrumento mais axeitado, sen prexuízo da colaboración da Xunta de Galicia e do artellamento das actuacións locais coas xerais da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, o Concello de Ribadeo, e ACISA

## **ACORDAN**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO.**

Subscribir o presente Convenio co obxecto de fixar os compromisos de colaboración e levar a cabo as actuacións necesarias para matizar, definir e executar, políticas e actuacións que sirva de impulso e apoio ao comercio de Ribadeo.

A través deste convenio preténdese chegar a unha suma de vontades a través da cal se acade unha complicidade necesaria un traballo en rede que sume- intelixencias colectivas capaces de facer prosperar o comercio de Ribadeo.

Visto os antecedentes expostos os obxectivos inmediatos do convenio deben adecuarse aos seguintes:

- **Apostar por reforzar o dinamismo, innovación e adaptación permante , promovendo a innovación como valor de cambio**
- **Potenciar o aproveitamento das sinerxias entre o comercio e turismo e outros sectores relacionados.**
- **Apostar por seguir consolidando un modelo comercial de proximidade, creador de emprego, profesional, cunha oferta comercial diversificada, plural, dinámico e innovador**

A duración do presente convenio establecece inicialmente en tres anos, a contar dende a data da sinatura do mesmo, aínda que poderá ser prorrogable por períodos de igual duración ó inicial, se así o determinan ambas partes de maneira expresa, a través dos acordos oportunos adoptados polos órganos competentes de cada entidade.

### **SEGUNDO.- DA COMISIÓN XESTORA MIXTA.-**

Para o desenvolvemento de estas actuacións, aprobouse en pleno do Concello o presente convenio e tamén polo organo competente de ACISA, así como en execución do mesmo a constitución dunha Comisión Mixta Xestora, de carácter consultivo, que asumirá o compromiso do control e seguimento de todas as actuacións que establece este documento ou que poidan derivarse do mesmo.

A Comisión Xestora Mixta terá a función básica, polo tanto, de dinamización e impulso da correcta implantación e o adecuado funcionamento do formato comercial de Centro Comercial Aberto en Ribadeo, actuando como un órgano de interlocución cualificado dos empresarios e profesionais integrantes do Centro Comercial Aberto, representados por ACISA ante o Concello, e de ámbalas dúas entidades ante o conxunto da cidadanía.

Esta función de dinamización e impulsión levarase a cabo mediante propostas de ámbitos en que se fai necesaria a intervención da Corporación Local para que exerza a súa potestade reguladora ou no seu caso aporte financiamento ou para a axilización de trámites administrativos ou adopción doutras medidas no ámbito da súa competencia:

- a) Informes técnicos, ben a petición do Concello ou ben a petición de ACISA.
- b) Propostas que previamente aprobadas polos dous tercios da Comisión Xestora Mixta consultiva poderán ser elevadas a través das canles legais oportunas ao órgano competente municipal para sometelas á súa aprobación e que poderán versar sobre as seguintes materias:

- 1.- Materias urbanística, arquitectónica ou de asuntos relacionados co casco histórico.
- 2.- Tráfico e mobilidade.
- 3.- Materia de comercio.
- 4.- Materias de cultura, turismo ou promoción da Vila.
- 5.- Materias legal, económica ou presupostaría, incluíndo a creación ou modificación de Ordenanzas.
- 6.- Materia medioambiental.
- 7.- Intermediación con outras Institucións públicas.
- 8.- Materia de fomento da actividade empresarial e comercial na zona do Centro Comercial Aberto.
- 9.- Con carácter xeral todos aqueles asuntos que poidan mellora-lo formato comercial do Centro Comercial Aberto.

Corresponderá tamén á Comisión Mixta a emisión dos seguintes informes:

- a) Informe dun plan de acción anual que conterá as accións a realizar no exercicio seguinte, así como o seu presuposto económico. Tal informe do plan deberá ser obxecto de debate antes do 1 de decembro da anualidade anterior á súa vixencia.
- b) Informe de control que conterá unha avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados a principios de ano e servirá como ferramenta para a mellora das previsións futuras. O informe deberá estar realizado e debatido na Comisión Mixta Xestora antes do 1 de marzo do exercicio seguinte ó da anualidade a que se refira.

Esta comisión estará integrada por sete membros, os que terán a seguinte procedencia:

- Alcalde-Presidente do Concello
- Presidente de ACISA
- 2 membros do equipo de Goberno da Corporación Local
- 1 membro representante do resto de grupos políticos
- dous membros de ACISA integrados no proxecto de Centro Comercial Aberto designados pola mesma.

De producirse durante a vixencia do convenio ou da súa prorroga unha variación no número ou identidade dos grupos da Corporación corresponderán sempre dous membros ó equipo de goberno da Corporación Local e un os restantes grupos políticos da Corporación.

A Comisión estará presidida sempre polo Alcalde ou o Presidente de ACISA. Un deles ostentará a Presidencia e o outro, de xeito correlativo, a Vicepresidencia, tendo os restantes membros a calidade de Vocais.

O Vicepresidente substituirá ó Presidente nos casos de ausencia, enfermidade ou imposibilidade para o desenvolvemento do cargo.

A Secretaría da Comisión Xestora Mixta será desenvolvida pola persoa á que corresponda a referida función segundo quen sexa a persoa que ostenta a Presidencia, e segundo a propia normativa interna das partes asinantes, podendo corresponder a persoal dependente da entidade de procedencia do titular do cargo de presidente ou segundo se acorde pola propia Comisión Xestora e, en todos os casos, independentemente da súa procedencia, actuará con voz pero sen voto. De cada reunión formal da Comisión Xestora se levantará a acta correspondente que se remitirá a cada membro do órgano.

O mesmo tempo ás reunións da Comisión Xestora Mixta poderán ser convocados polo Presidente, con voz pero sen voto, tanto persoal técnico da Corporación local ou Concelleiros que se considere adecuado por razón da competencia ou actividade en función das materias que sexan obxecto do exame, como membros de ACISA ou persoal externo asesor ou colaborador da mesma. A convocatoria a persoal de calquera das partes asinantes do convenio, deberá, previamente ser aceptado pola parte da que depende o referido persoal.

Igualmente poderá invitarse pola Presidencia ou pola propia Comisión, con voz e sen voto, e a representantes ou persoal técnico doutros organismos públicos ou institucións privadas con competencias en materias de comercio, industria, ou vencellados as actividades obxecto deste convenio.



A Comisión deberá levar a organización e execución de todas as actividades que permitan ter o apoio de todos os axentes necesarios, e así acceder as vías de financiamento previstas pola Consellería competente.

A realización de todas as actuacións será de forma conxunta polo Concello de Ribadeo e a ACISA, a través da planificación da citada Comisión Mixta Xestora. De esta forma, ambas institucións comprométense a utilizar todos os recursos e medios técnicos e humanos que posúen para o seu desenvolvemento.

De semellante maneira o Concello de Ribadeo e ACISA ,comprométense a utilizar todos aqueles recursos económicos que se obtiveran para este obxecto a través de axudas de outros organismos, así como calquera outra achega que sexa posible establecer, de fondos alleos e/ou propios.

En ningún caso a Comisión Xestora asumirá a Xerencia directa do Centro Comercial Aberto posto que a responsabilidade do Centro Comercial Aberto é da Asociación de Comerciantes.

A Comisión Xestora acordará o seu propio réxime de funcionamento interno, se ben queda establecido que se reunirá con carácter ordinario un mínimo de catro veces ó ano, e con carácter extraordinario, cando a importancia ou urxencia dos asuntos así o requira, por iniciativa do Presidente ou dun tercio dos membros da Comisión.

O obxecto e duración desta Comisión Xestora Mixta queda vencellado de maneira directa ó obxecto e duración do Convenio Marco de Colaboración que o ampara.

### **TERCEIRO.-**

#### **A) COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBADEO**

O Concello de Ribadeo, asume mediante a sinatura do presente convenio, os seguintes compromisos, para o impulso, implantación e consolidación do Centro Comercial Aberto de Ribadeo, os cales serán supervisados, en todo momento, pola Comisión Xestora Mixta:

- O Concello aportará tanto os recursos técnicos necesarios, como a achega económica necesaria, dentro das súas disponibilidades orzamentarias, para acometer as actuacións do programa urbanístico-comercial entre os que se sinalan os seguintes.
- Continuar na liña de traballo orientada á humanización e rehabilitación do centro urbano mediante a rehabilitación integral , semipeonalización ou adopción de melloras orientadas á modernización do espazo urbano comercial, aglutinando en diferentes programas, plans, ordenanzas e normas necesarias para levar a cabo a dinamización comercial de dito espazo, como pode ser a mellora das rúas:
  - o Remate da Rúa Ramón González
  - o Inicio da Rúa San Roque.
- Mellora de mobiliario urbano, que poda ter incidencia
- Continuar coas políticas de impulso do estado e mantemento correcto das fachadas e estados dos inmobles en xeral de Ribadeo.
- Mercado municipal: Levar a cabo medidas e actuación de cara a renovar este equipamento.
- En xeral todas aquelas actuacións dentro das súas competencias que a corporación considere oportunas, en defensa dos intereses do sector comercial e que teñan como obxectivo a mellora da competitividade, calidade e capacidade de atracción do comercio así como a creación de emprego dentro da vila de Ribadeo.

Polo tanto, para a elaboración de proxectos de execución de obras públicas no eido que abarca o presente convenio, o Concello convertese no organismo encargado do seu financiamento e execución, tomando en consideración os estudos, propostas e contidos que se fixen dende a Comisión Mixta Xestora.

A cantidade total de inversión pública que sexa necesaria para a execución do proxecto, será obxecto de estudo unha vez analizadas todas as circunstancias e realizados os estudos previos. En calquera caso, débese asumir o compromiso de rendabilizar ó máximo a inversión, non abandonando na medida do posible, as actuacións previstas no estudo de viabilidade inicial.

b) Compromiso de apoio económico ao funcionamento do centro Comercial Aberto mediante a achega de 38.000 euros, por tódolos conceptos, durante o período 2014-2016, a repartir anualmente en base a orzamento aprobado, para levar a cabo os programas organizativos, promocionais e de modernización empresarial, que se acorden. As achegas municipais, como subvencións a ACISA para o Programa de Centro Comercial Aberto, deberán efectuarse sempre respectando a vixente Lei Xeral de Subvencións e a Lei de Subvencións de Galicia.

c) Inicialmente efectúase a previsión seguinte, supeditada á consignación que para esta finalidade se debe incluír nos Orzamentos Xerais de cada anualidade:

-Exercicio de 2014: 12.000 euros para accións que se inicien e se desenvolvan durante esta anualidade.

-Exercicio de 2015: 13.000 euros.

-Exercicio de 2016: 14.000 euros

d) O orzamento de cada anualidade dese programa e os seus conceptos deberá ser aprobado polos dous terzos dos membros da Comisión Mixta. Concretamente, ditas accións, obxecto de subvención polo Concello e de cofinanciamento polo tanto con ACISA e con outros recursos alleos, públicos ou privados que poidan obterse, abarcarán os seguintes termos:

- En materia organizativa manterase unha oficina técnica para dirixir ó centro comercial aberto a cal tera como prioridade a máis de mante-la contratación dun xerente contar, a lo menos os primeiros anos, con un asesoramento externo cualificado.

- En materia de modernización empresarial, un dos obxectivos da oficina técnica é impulsar a calidade e competitividade dos establecementos asociados mediante diagnósticos técnicos, formación profesional, etc.

Como actuacións básicas a desenvolver, plántease ademais do xa relacionado:

- En materia promocional, dende a Comisión Mixta Xestora planificaranse e executaran todas aquelas actuacións de divulgación e promoción, para que a través de xornadas, encontros ou seminarios, e campañas consígase a creación de un movemento comercial, que leve á implicación nunha xestión común de todos os empresarios afectados e unha difusión da imaxe corporativa do CCA Ribadeo.

## **B) COMPROMISOS DE ACISA**

### **OBXECTIVOS E MEDIDAS**

Para os anos 2014 e 2015 ACISA se compromete a desenvolver baixo este convenio, segundo as medidas que se enumeran máis abaixo as accións seguintes:

#### **- Apostar polo reforzar o dinamismo, innovación e adaptación permanente:**

Contribuíndo a asentar as bases e os mecanismos para reforzar o dinamismo, a innovación e adaptación permanente do comercio as novas situacións, apostado pola formación:

- Realizará alomenos unha programación de cursos e/ou proxectos que respondan e faciliten a introdución de novas accións en respondan a esta medida tales como marketing dixital, redes sociais, introdución das TIC dentro do comercio etc.. En xeral todas aquelas que cumpran coa medida exposta.

**- Potenciar o aproveitamento das sinerxias entre o comercio e turismo e outros sectores relacionados:**

Asentar as bases para establecer unha interrelación entre o comercio e outras actividades ( turismo, cultura e novas tecnoloxías, o sector da creatividade etc..) que permitan capitalizar ao máximo o consumo asociado a estes sectores.

Neste senso se compromete a desenvolver proxectos dentro das áreas seguintes:

- Redefinición da tarxeta de 24 horas ou similar asociada aos visitantes de Ribadeo .
- Colaborar no deseño, execución e desenvolvemento das Edicións do Ribadeo Indiano.
- Participación feiras e eventos turísticos.
  
- **Apostar por seguir consolidando un modelo comercial de proximidade, creador de emprego, profesional, cunha oferta comercial diversificada, plural, dinámico e innovador.**

**Na anualidade de 2014 e/ou 2015 comprométese a desenvolver unha campaña de fomento de comercio local e próximo que deberá contemplar alomenos os seguintes aspectos:**

- **Desenvolvemento dun espacio en internet asociado a este proxecto.**
- **Campañas publicitarias en RSS e cooperación cos medios locais de información.**
- **Eventos concretos que fomenten o comercio local**
- **Etc..**

Polo que atinxe a ACISA por parte da mesma adoptase ante o Concello o compromiso de executar e prestar unha serie de servizos, e adopción de compromiso , que se sinalan de seguido:

## B2 Compromisos adquiridos

ACISA comprométese no marco deste Convenio de colaboración fronte ó Concello ás seguintes cuestións:

-Presentación dunha memoria das actividades realizadas e servizos prestados durante o ano á Comisión Xestora Mixta coa avaliación económica das mesmas, antes do 1 de marzo da anualidade seguinte. Deberá presentarse anualmente as contas correspondentes ás actuacións do Centro Comercial aberto subvencionadas polo Concello coa correspondente desagregación de ingresos e gastos.

Con independencia da memoria anterior, estando sometidas as achegas anuais que podan concederse no ámbito do presente convenio ao réxime das subvencións nominativas, recollidas na Lei Xeral de Subvencións e Lei de Subvencións de Galicia, os acordos concretos anuais de concesión ou os convenios que se subscriban en aplicación de ditos acordos, deberán recoller entre outras mencións o contido mínimo a que se refire o artigo 65 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, entre o que se inclúe o réxime de xustificación da mesma, é dicir:

- a) Determinación do obxecto concreto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
- b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada para cada beneficiario se fosen varios.
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou Privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.
- d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que deberán aportar os beneficiarios.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

-Facer mención da participación e patrocinio do Concello de Ribadeo en calquera actuación de comunicación, publicidade, propaganda, etc que se realice en desenvolvemento das actuacións do Centro Comercial Aberto.

-A promoción do uso do galego no marco da Lei de normalización lingüística de Galicia en tódalas actividades de comunicación e publicidade do Centro Comercial aberto e entre as empresas e profesionais da zona.

-Colaboración nas actividades ambientais do Concello de Ribadeo mediante a promoción da reciclaxe dos residuos que se xeren e utilización de materiais reciclados e / ou reciclables nas actividades do comercio e os servizos, apoio en medidas de aforro enerxético ou outras conducentes a unha mellora ambiental actuando como colaboradora a través dos seus asociados para a mellora ambiental, de calidade de vida e estética e de cumprimento das ordenanzas , bandos e instrucións municipais de servizo das áreas onde se desenvolve o proxecto de Centro Comercial aberto

-Facilitar a utilización dos aparcadoiros públicos e / ou privados (que se poidan crear nun futuro) ós clientes do Centro Comercial Aberto, mediante a oportuna difusión publicitaria así como mediante a distribución de tiques por compra (no seu caso) ou polo sistema que se estableza.

-O fomento e acollida das empresas e profesionais ó servizo de Arbitraje do Instituto Galego de Consumo e especificamente á OMIC local.

**CUARTO.-** A Comisión Mixta Xestora, e polo tanto o Concello e ACISA convértense neste momento en partes implicadas e , polo tanto, actúan conxuntamente para conseguir os fins considerados, sendo compromiso e obrigaón de ambos , executar todo o planeado no presente Convenio. Neste sentido, a Comisión Mixta Xestora é autónoma para definir, como proposición, ó amparo de este convenio calquera actividade que teña que levar a cabo, sen prexuízo do necesario sometemento aos acordos previos daquelas decisións que obrigatoriamente deban ser aprobadas polos órganos de goberno de ambas institucións.

**QUINTO.-** Da mesma maneira, dende a Comisión Mixta Xestora estudaranse, para todos os comerciantes que comprometan a súa participación na xestión conxunta do Centro Comercial Aberto, as medidas a adoptar, a fin de que o Concello poda conceder bonificacións ou exencións no pago dos impostos municipais, sempre que se podan amparar na lexislación vixente, ou de se-lo caso poda conceder subvencións como medida de fomento, sempre que atopen amparo na normativa reguladora das mesmas.

**SEXTO.-** Os comerciantes emprazados dentro da zona de Centro Comercial Aberto, definen o seu compromiso de participación e xestión baixo a fórmula xurídica que se considere mais oportuna en cada intre, que en principio establece dentro da asociación de empresarios e comerciantes (ACISA). En calquera caso, ACISA, como organismo promotor , e cos compromisos de comerciantes poderá executar calquera representación neste sentido.De formalizarse baixo unha persoa xurídica propia os comerciantes do Centro Comercial Aberto o Concello poderá rescindir este convenio antes do seu vencemento e asinalo procedente coa nova persoa xurídica.

**SÉTIMO.-** A realización de calquera actividade que se leve a cabo no ámbito de aplicación do Convenio sempre irá acompañada da rúbrica “ Comisión Mixta Xestora C.C.A. –Concello de Ribadeo-ACISA”, e cos logotipos ou escudos de ámbalas dúas entidades.

**OITAVO.-** Facultase á Comisión Mixta Xestora, a que por unanimidade , propoña ós órganos de goberno de ambas entidades a modificación, renovación ou ampliación dos presente acordos.

E en proba de conformidade e aceptación, as partes, e os representantes dos grupos municipais do Concello de Ribadeo, como membros da Comisión Mixta Xestora, firman o presente acordo, por cuadruplicado , quedando un exemplar en poder de cada unha das partes, no lugar e data indicados no encabezamento.

#### **2014.06.41.- REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE RIBADEO.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta do Regulamento proposto para os cemiterios municipais de Ribadeo e Ove, explicándose brevemente pola Alcaldía que se tratadunha nova regulación xa que a anterior é moi antiga do ano 1932 e que o que se pretende é adaptar a mesma á lexislación vixente sendo ésta dunha aprobación provisional para expór ao público durante un mes.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións ( dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a Ordenanza ou Regulamento municipal dos cemiterios para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal seguíndose os trámites procedentes.”

Iníciase o turno de intervencións polo Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE manifestando que si que hai cousas que hai que organizar e mellorar e que este regulamento de todos xeitos vai ser sometido a información pública, polo que pode ser o trámite ideal de participación.

Explica que ten unha opinión sobre o texto e articulado do regulamento, polo que vai esperar ás outras intervencións.

Intrvén de seguido o Sr. Reymóndez Gancedo de UPRI, manifesta que o regulamento é unha copia casi ao 100% do regulamento que ten a Federación Española de Municipios e Provincias, copiado e pegado en casi todos os puntos agás os puntos que non lle interesou ao concello poñer .

Indica que fai uns anos xa se fixo algún cambio no tema de cemiterios, pero que non sabe o que se fixo, que agora se lle da unha volta total pero que bota en falta os artigos que quitaron do regulamento da FEMP, como por exemplo o artigo 7 de subministro ocasional de féretros e ataúdes e que non sabe se por outro lado o fai o Concello ou Servizos Sociais, pero que non o pon.

Explica que outra cousa, que non ven no regulamento da FEMP, é un apartado que pon cales serán os deberes do persoal, indicando dez puntos; por unha banda parécelle ben que se indique o que ten que facer ese persoal pero que non sabe se en todos os postos de traballo do Concello, cando se fai iso, hai un listado así de grande.

Opina que esa serie de deberes do persoal, igual se no próximo mandato hai outro alcalde poden ser diferentes e o persoal di “non, eu teño que facer isto que pon aquí”.

Di que cada goberno fai as súas normas, e que a eles lles gusta colocar ben o que ten que facer a xente.

Comenta que outra cousa que non está na adaptación do regulamento da FEMP son dúas páxinas redactadas polo equipo de goberno relativas ao réxime sancionador; parécelle que se preocupan moito de crear dúas páxinas repletas de todo tipo de sancións se non se cumpre o indicado e tamén lle parece esaxerado.

Menciona que está a escoitar comentarios da xente no pobo, creando unha alarma social coa cuestión da propiedade a perpetuidade que él non entende como vai a quedar iso, pero que pode crear un conflito; di que o que quere decir, que non sabe cando se fixo o anterior regulamento, que había unha serie de panteóns e nichos dos que a xente di que teñen a propiedade do terreo e que agora está moi preocupada, polo que se debería explicar este tema moi ben e decirlle aos veciños e veciñas de Ribadeo como vai ser.

Para rematar dille ao Sr. Alcalde que se preocuparon moito de crear o tema das sancións e sen embargo as obrigas do Concello non as aclaran moito, por exemplo hai no *cadro 2 bis* unha serie de nichos que meten auga polas cubertas, sendo responsabilidade do Concello e existindo denuncias sobre o tema; explica que está moi ben poñer no regulamento as obrigas dos veciños, pero recórdalle as obrigas que ten o Concello que son coidar nichos e cuestións que están en concesión.

Manifesta por último que vai escoitar o que din os demais para dar unha valoración e o sentido do seu voto.

Intervén Dona Azucena González Loreda, do Grupo municipal do PP remitíndose ao que decía o Sr.Reymondez Gancedo referente a que cando no ano 2010 o Sr. Alcalde gobernaba en minoría xa se trouxo unha proposta de regulamento e unha ordenanza fiscal, que non sabe se eran as dúas cousas ou se eran as dúas nunha; di que a ordenanza fiscal, unha vez tivo a maioría xa arranxou o tema, existindo unha ordenanza do 2011, pero que o que lle chama a atención e que tendo aquela proposta feita tardasen tanto tempo en facelo.

Comenta que isto é unha aprobación inicial e que é un tema de especial sensibilidade para os veciños, polo que opina que debería ser un tema, agas nos puntos que lle correspondan ao Concello, aberto ao criterio e á colaboración cidadá; manifesta que así sexa, xa que vai á exposición pública, e que ahí a xente do pobo, que son realmente os usuarios, mostren as necesidades que poidan atopar.

Explica que si se acepta o que digan os veciños e as alegacións eles os van a apoiar nese momento e comprométese a facelo.

Manifesta que ten unha dúbida sobre o que falan das funcións administrativas e técnicas do servizo de cemiterio, que non sabe si é que se vai a crear un servizo específico administrativo ou si como o tema da FEGAMP se traspasou pois era un termo que había e non se modificou.

Tamén di que ten dúas consideracións, que en realidade non son dela se non dos usuarios do cementerio, e lle agradecería se as inclúen como suxestións o agradecería. Por un lado di que no tema do horario da apertura se establece un para o verán e outro para o inverno sen especificar a duración de cada periodo, porque se van por exemplo aos meses de outubro ou decembro, que son os de máis movemento, e dí que hai que diferenciar si pertencen ao verán ou ao inverno.

Manifesta tamén que debe axustarse o horario e que cando o establezan teñan en conta ese tipo de consideracións e tendo en conta que non é unha oficina e que a xente ten que ir cando non traballa e que si está aberto nos horarios de traballo e se pecha cando se pecha o comercio a xente non pode ir; por iso lles pide que o teñan en conta á hora de axustar os horarios e que si poden o intenten ampliar.

A outra cuestión é que existe unha pormenorizada relación de dereitos e deberes de cada quen, dos titulares, do concello, dos traballadores, etc, que a ela lle parece moi ben que haxa, pero o problema é que a xente non coñece iso, polo que lles pide que o poñan nun lugar visible no cemiterio para que a xente poida asumir os seus deberes e que tamén podan esixir ao Concello e aos operarios, para que así os usuarios non teñan que ir consultar, por exemplo, que cousas lles ten que facer o enterrador.

Intervén a continuación o Sr.Cupeiro Rodríguez, do Grupo Municipal do BNG, Concelleiro Delegado decíndo que aínda non se aprobou o regulamento.

A Sra.González Loreda manifesta que xa o sabe pero que iso se podería recoller.

O Sr. Cupeiro Rodriguez dille que poñer a información antes de aprobar a ordenanza non lle parece a forma apropiada.

A Sra.González Loreda manifesta que ela se está a referir a reflectir na propia ordenanza que se colocará nun sitio visible a información, que non o pide para facer agora porque está sen aprobar.

O Sr. Cupeiro Rodríguez comenta que as bases de onde se sacou a ordenanza as ten a FEGAMP e que entende que o tema sancionador o ten que haber e que ademáis debe ser moi concreto. Di que están a falar de algo moi sensible e que lles din que eles detallan moito os deberes e obrigas do sepultureiro pero que iso ten que estar claro, xa que a todo o mundo lle consta que antes había un problema gordo no cemiterio, polo que intentan poñer iso o mellor posible dende o punto de vista da legalidade para que o sepultureiro

saiba cales son as suas obrigas e para que os veciños saiban tamén o que lle corresponde facer ao Concello.

Referente ao tema sancionador opina que iso non ten ningún misterio, que debe estar detallado ao igual que o está noutros regulamentos e que non pasa nada porque indiquen unhas cantidades xa que iso non significa que vaian andar sancionando a todo o mundo.

Explica que iso vai salir a exposición pública, os veciños poderán decir o que estimen oportuno e que eles en función do que saia poderán corrixir unha cousa ou outra; di que vai estar exposto un mes, polo que xa lles dirán o que hai que corrixir ou non.

Pensa que esta ordenanza era necesaria xa que tiñan unha moi antiga e que se estaban a facer cousas que non estaban dirixidas por ela, cousa que se subsana na nova. Di que non fixeron nada novo nin se está a inventar nada, que intentan coller a maior parte da maioría dos sitios e que miraron moito, pero que se hai que adaptar a cada pobo xa que non é o mesmo facelo para Valencia que facela para Ribadeo.

Do tema do dereito de enterramento, di que as leis din o tempo que ten que ser e máis que él, de leis, sabe a xente que os dirixe, polo que son eles os que teñen que explicar porque se fan as cousas.

O Sr. Alcalde pídelle ao Sr. Secretario se pode aclarar isto.

O Sr. Secretario dí que é difícil facer unha aclaración, pero que si é certo que os regulamentos dos cemiterios son unhas das cuestións, como o tema do ruído das máis complicadas porque se misturan moitas ramas de dereito, polo que tecnicamente estes regulamentos son moi difíciles de facer.

Explica que hai outro punto debido á sociedade na que vivimos que é moi sensible aos cambios nesta materia, polo que os cambios nos regulamentos de cemiterios provocan moitos problemas técnicos e moita implicación veciñal nos periodos de exposición pública.

Indica que outra cuestión é que o Concello de Ribadeo leva un tempo esaxerado sen facer a modificación, practicamente noventa anos sen unha modificación do regulamento, e que con calquera modificación que se faga agora será máis fácil xestionar o cemiterio por haber unha regulación legal e actualizada.

Referente a coller do regulamento da FEGAMP ou coller de outro, opina que usar regulamentos que foron contrastados dende o punto de vista técnico é práctico ao final é mellor; di que este regulamento ten unhas pequenas características particulares, cunha matización técnica en canto ás duracións porque antes había unha regulación moi antiga, había concesións a perpetuidade outras a 99 anos; actualmente a lexislación non cubre eses periodos de tempo, son sustancialmente menores e resulta preciso regularizar a situación.

Outra situación que hai que regularizar é que hai moitos nichos e outras clases de formas de enterramento en desuso e non recollen a situación física de como están esas familias que desapareceron, polo que hai que regularizalo e sacar ao mercado, visto que hai necesidades.

Opina que o periodo de exposición pública é moi importante porque da ese punto de vista particular e social do pobo de Ribadeo respecto ao cemiterio, xa que o regulamento non é máis que unha disposición técnica de carácter xeral; di que as cuestións técnicas son todas legais e que a única cuestión que se puxeron un pouco especial dende o punto de vista xurídico é unha disposición transitoria na que se anulan as concesións a perpetuidade, porque non pode ser, pero que si hai unha transformación por dereito transitorio na que a pasan a ter o máximo tempo permitido que son 75 anos.

Di que é moi importante sácalo a exposición pública e úsalo, porque se non se usa non se sabe en que falla e así poderá adaptarse ás circunstancias específicas do Concello e da xente.

Don Agustín Reymóndez Gancedo di, respecto ao tempo de duración, que lle parece un tema complexo o da propiedade e que non sabe como se vai a regular iso. Pregunta se son 75 anos e desde cando empeza a contar, indicándoselle que serán 75 anos e que iso xa o pon no regulamento, que contaría dende a data de aprobación.

O Sr. Secretario aclara que a proposta que se fai con todo iso é simple e que se pode xogar como se queira, xa que o dono dos terreos é o Concello de Ribadeo, polo que son bens de dominio público e que para solventar as cuestión está este Pleno e exposición pública. Di que todo iso é matizable e que eles propuxeron unha liña básica para comezar e que a partir de agora todas as concesións teñen un límite máximo de 75 anos.

Comenta que as peculiaridades singulares de cada unha das concesións hai que estudialas e que eles o que puxeron é que as de perpetuidade non poden ser porque iría en contra da Lei, polo que se pon unha liña e se establecen os 75 anos, independentemente do tempo disfrutado antes e que contan a partir de agora.

Explica que os casos singulares de cada concesión o van a ter que ver no periodo de exposición pública; opina que o que hai que defender sempre é que o solo é público, que se trata de concesións de dominio público, quen o regula é o Pleno e o Concello e non se pode permitir a propiedade sobre un ben de dominio público.

Di que outro tema e o de sucesión ou de construcións sobre bens de dominio público, xa que unha vez rematada a concesión fas teu o construído sobre o terreo; opina que isto é meterse nunha regulación moi complexa técnica e socialmente, que hai moitas veces falta de documentación e outras veces xente que ten as escrituras ben feitas, que tamén hai dereito sucesorio, existindo xa sucesións que se fixeron, polo que é moi complicado.

Reitera que está é unha regulación básica, que se verá como vai no periodo de exposición pública e sobre iso actuarán; que hai que facer un saneamento dos títulos de concesión, que é un traballo complexísimo pero que canto antes se poñan antes o farán.

Pregúntase se hai algún motivo para que se puxeran 75 anos e non 99, respostando o Sr. Secretario que si, que está recollido así na Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

O Sr. Reymóndez Gancedo indica que antes se olvidou de preguntar algo. Comenta que no regulamento de donde se copiou este estaba a previsión para a ubicación de un crematorio.

Intervén a Sra. González Loredo pedindo que se lle dea a isto a máxima difusión e que a xente se entere de que eso é así e que teñen moito que decidir, que as normas non as van poñer ahí se non que teñen que decidir os veciños. Tamén pide que se atendan eses casos particulares e que lle den información a xente porque é un tema sensible, que cando unha persoa veña coa súa escritura e pregunte como vai quedar a informen e fagan o máximo esforzo posible, tanto na difusión da exposición pública como na atención de casos particulares.

Don Horacio Cupeiro, Concelleiro delegado, manifesta que él pensa que por ser un tema moi sensible todos deben participar e non só os que fixeron a ordenanza. Di que non se trata de sacar gloria ningunha, que tiñan un regulamento de 1932 polo que había que facer algo para adaptalo á regulación actual, que iso hai que regulalo porque é un espazo limitado.

Explica que coas alegacións que se fagan entre todos teñen que consensuar que é mellor para Ribadeo, que facer unha ordenanza non é unha cousa do BNG, se non que é algo que se tiña que haber feito fai moito tempo; pensa que o traballo que se está a facer, dende o punto de vista técnico, é importante, e que nun futuro se verá o resultado de que ese espazo esté controlado e ben organizado, pero que se non se parte dunha ordenanza actualizada mal acabamos.

Sobre o que di o Sr. Reymondez Gancedo de que todo aquilo se pode mellorar opina que todo é mellorable, que se está a falar de cousas que van a salir a exposición pública e que posiblemente haberá que modificar e que non pasa nada porque do que se trata é de que todo o mundo estea agusto co que se vai a sacar.



Tamén opina que é un tema moi complicado, xa que hai moita xente que non ten escrituras, pero que de alguna maneira terán que demostrar que aqueles lles corresponde; di que saben que teñen sepulturas que incluso son do Concello, que están nunha situación deplorable, e que terán que sacar a concurso público. Explica que todas esas cousas as farán a partir de ter aprobada a ordenanza e que si todos son capaces de aportar algo haberá unha ordenanza de futuro e os ribadenses poderán estar tranquilos.

Pide que todo o mundo lle dea a difusión que se lle debe dar, que a xente faga as súas alegacións e que se hai algún erro se corrixa.

O Sr. Alcalde intervéen e manifesta que todas as ordenanzas va a exposición pública, que non ten ningún problema e que ésta posiblemente teña algún erro, algunha necesidade de matizar ou alguna necesidade de concretar máis; di que efectivamente algunhas sepulturas estaban a 99 anos e outras a perpetuidade, que é moito lío e intentarán buscar un modelo para estirar ao máximo a lei.

Di que lles da moita rabia as veces ver cousas, como por exemplo cando se puxo a exposición pública que había un nicho en desuso, e que lles digan que entón iso xa o poden facer agora, pero que é tan complexo e inseguro que prefiren agardar a que se aprobe a ordenanza para mirar cantos nichos e tumbas están en estado de abandono para incoar un expediente de notificación pública por todos os medios posibles e que unha vez que se vexa que niguén se fai cargo de iso liberaranse e volveranse a sacar a concesión, porque sigue habendo demanda e o espazo do cemiterio é finito e se foi consumindo dunha forma moi pouco previsora xa que cada vez son máis en Ribadeo.

Rematada a deliberación sométese a votación e a Corporación, por sete votos a favor (dos membros do BNG) e seis abstencións ( catro dos membros do PP, unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto e outra do Concelleiro de UPRI tamén no Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión e consecuentemente aprobar con carácter inicial o Regulamento dos Cemiterios municipais de Ribadeo, a exposición pública por prazo regulamentario de 30 días e a continuación da tramitación legal procedente.

#### **2014.07.42.-COMPROMISO DE ADOUSIÓN DOS TERREOS NECESARIOS NA CONTINUACIÓN DO MUIÑO DE MAREAS DE AS ACEAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO INCLUIDO NO PROGRAMA LIFE DE SUBSTITUCIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS POR AUTÓCTONAS.**

Intervén de xeito previo Dona Campo López-Braña Freije, do Grupo municipal popular que manifesta que quere saber se este acordo compromete a próxima corporación porque para o próximo mandato ao mellor non están os mesmos concelleiros do PP.

O Sr. Alcalde dille que agarde a entrar no tema e que despois faga as preguntas.

De seguido dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía sobre este asunto explicándose os pormenores polo Alcalde significando que se trata de adoptar o compromiso de adquirir os terreos necesarios para levar a cabo o proxecto incluído no Programa LIFE de substitución de especies exóticas por autóctonas nas parcelas que se sinalan.

Sen promoverse mais deliberación, a Comisión Informativa por catro votos a favor (dos membros do Grup do BNG) e 3 abstencións ( dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda por unanimidade ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

O Sr. Alcalde explica que o outro día na Comisión informativa comentaron que, aínda que teñan intención de facer iso que queren levar a pleno, podía ser susceptible de crítica; di que son conscientes de

que persoal de institutos públicos, tanto galegos como asturianos, están na redacción dun proxecto de Asturias e Galicia para un Programa LIFE europeo, do que remata o prazo o mes que ven.

Manifesta que despois dun debate entre eles sobre as posicións do territorio de Ribadeo e o marxe da ría do lado galego podía aportar este LIFE viron con moi bos ollos esa pretensión que eles suxeriron, pero recomendaron, para darlle unha cualidade cualitativa, que tiveran, e se non puideran ter a adquisición porque de hoxe para mañá é imposible por cuestión económica e non soamente polo monto económico porque un concello non ten a capacidade de expropiar ou polo tema de compraventa, porque aínda que non sexan moitos titulares podes comprarlle a tres e cando chegas ao cuarto di que non e estropea todo.

Explica que en todo caso, como hai moi pouco tempo os técnicos de eses institutos galaico-asturianos viron esto con moi bos ollos; di que o proxecto non está feito polo que non pode decir cal vai ser o custo exacto, pero que non vai ser unha cantidade importante porque non son moitos terreos, que pensa que en total son catro hectáreas e meida, e que hai que descontar as masas común que pertencen ao Concello de Ribadeo, unha parcela de FEVE, que entende que ao ser un organismo público non habería problema en que a cedese, polo que se reduce a compra ou expropiación a tres hectáreas e medias que serían de montes con 5 ou 6 tipos de afectacións de Costas, Montes, etc.

Fai un comentario sobre que o Tribunal Constitucional fallou a favor de que as expropiacións se paguen polo valor real e non polas expectativas que poidan ter, pero que neste caso a expectativa que se podería ter é forestal. Indica que todo este tema de compromiso, se tivesen o proxecto redactado, ao igual que outros casos que existen, o farían pero está sen redactar porque non lles deu tempo e os técnicos municipais están comenzando a redacción.

Pregúntase polo valor que ten este acordo e o Sr. Alcalde resposta que o suficiente para que o Concello se comprometa e entre nunha categoría como de socio.

O Concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez explica que no proxecto unha das cousas que puntúa moitísimo e que se vaia como socio e que eles ao ir de socio o que van facer e aportar o 50% do custo da compra deses terreos a cambio de que se faga unha mellora subvencionada en todo o cauce fluvial, que é ao que vai dirixida a subvención.

O Sr. Cupeiro Rodríguez continúa explicando que entenden que esa subvención é importate para a ría de Ribadeo e que os de "IGADER" que son os que están redatando o proxecto e que é xente entendida, van a realizalo neses proxectos LIFE, polo que eles entenden que hai que reforestar con árbores autóctonas toda esa zona, e xa que hai a posibilidade de cortar os eucaliptos e plantar unha biodiversidade diferente obtendo unha subvención moi importante. Entenden que o custo na expropiación non vai ser relevante en relación co beneficio que vai aportar este proxecto.

Di que non se pode explicar moito máis porque aínda están redatando o proxecto e que iso é un compromiso.

O Sr. Gutiérrez indica que el vai a votar a favor. Opina que os compromisos son a futuro, nun ano, dous ou cen, pero que todos son a futuro e que non é para tanto porque é unha cantidade moi pequena.

Referente a expropiar, explica que é totalmente legal e que é o máis cómodo e que lles vai sair moi ben, ao igual que sairon todas as que se fixeron no municipio porque se pagaron cantidades que non son precisamente para poñerse a chorar. Reitera que vai votar a favor porque lle parece que está ben e que se logo ben a subvención pois mellor porque se pode facer de maneira máis económica; referente a expropiar volve a decir que unha forma legal e que xa se fixo en moitas ocasións.

D. Agustín Reymóndez Gancedo, de UPRI di que hai que recoñecer que iso é xugoso, pero que non sabe se a adopción do compromiso do Concello para esa subvención implica que o Concello teña gastos, como por exemplo no proxecto. O Sr. Alcalde contéstalle que o proxecto o están a redactar os técnicos municipais.

O Sr. Reymóndez di que non se refire ao proxecto en si, se non ao tema do LIFE.

O Sr. Alcalde dille que non, pero que aínda que implicara algún gasto que fose razoable o asumiría porque lle parece fenomenal; explica que aínda que non saíse o plan LIFE o Concello debería seguir adquirindo iso porque hai que prolongar a senda que remata no muíño das Aceas, aínda que sexa como paseo e se ademais eliminan os eucaliptos e poñen frondosas sería perfecto.

Explica que se entrar no LIFE se lles asegura que a metade do coste do proxecto o paga Europa, porque o que se fixo ata agora coas Aceas o fixo Costas, pero os terreos pagounos o Concello, que foi moita máis superficie e custou 105.000 € no ano 2008; di que agora pagaron un xustiprezo de 29.000 €, polo que eses proxectos non estiveron ben perfilados e o xurado de expropiación valorou esa cantidade. Tamén aclara que non pretende botarlle a culpa a nadie.

Don Horacio Cupeiro explica que o proxecto se complementa non so do muíño hacia arriba, se non que a parte do muíño hacia abaixo, para a que teñen pedida unha subvención da Rede Natura, e que para toda a parte que non cubre esa subvención vai o proxecto LIFE.

Explica que eles entenden que iso é unha cousa de futuro para Ribadeo, que coas expropiacións vai haber custos, pero que hai que pensar no futuro e non se pode quedar atrás sen tomar ese compromiso.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se non hai unha valoración económica.

O Sr. Alcalde contéstalle que non porque non lles deu tempo, porque a valoración económica é o proxecto e o proxecto o están a redactar os técnicos, pero que eles se compromenten a meter unha consignación para o exercicio que ven.

Continúa a deliberación entre os diferentes membros da Corporación.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión de referencia nos seus propios termos, acordándose en consecuencia a adopción do compromiso de adquirir os terreos necesarios para levar a cabo o proxecto incluído no Programa LIFE de substitución de especies exóticas por autóctonas nas parcelas que se sinalan.

#### **2014.08.43.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013.**

Por Secretaría dase conta do expediente relativo á Conta Xeral de 2013, ditame da Comisión Informativa de 15/07/2014 que se transcribe así como da exposición ao público mediante anuncio no B.O.P.de Lugo e taboleiro de anuncios por prazo de quince días mais oito, sen que se produciran reclamacións:

DITAME:

“A instancia do Sr. Alcalde por parte do Sr.Interventor dase conta do expediente da Conta Xeral desta Entidade do exercicio 2013 e proposta da Alcaldía cuxo texto se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Pola Intervención Xeral remítese unha vez formada, para a súa tramitación oportuna, a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2013.

A Conta Xeral regúlase nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004.

Segundo determina o artigo 209 da devandita Lei, a Conta Xeral da Entidade estará integrada por:

- a) A da propia entidade.
- b) A dos seus organismos autónomos.
- c) A das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade destas.

De conformidade co establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a rendición da Conta Xeral, formada pola Intervención, corresponde ao Presidente da Entidade Local.

Polo demais, no que se refire á súa tramitación, dispón o propio art. 212 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que dita Conta Xeral, será sometida a informe da Comisión especial de Contas para posteriormente quedar exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito mais, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións.

De producirse estes últimos, someteranse a exame e comprobación da Comisión especial de Contas que emitirá novo informe.

Acompañada dos citados informes da Comisión especial de contas e das reclamacións, reparos e observacións formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación antes do 1 de outubro do presente ano.

Por último o Concello renderá ao Tribunal de Contas e/ou órgano de control externo que corresponda, neste caso o Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral debidamente aprobada.

Por todo o anterior, procede someter a ditame da Comisión Especial de Contas a Conta Xeral do Concello de Ribadeo correspondente ao exercicio económico 2013 nos termos que constan no expediente e integrada por:

- Balance
- Conta do resultado económico-patrimonial
- Estado de Liquidación do Orzamento
- Memoria

As contas anuais da propia Entidade Local deberán levar unida ademais a seguinte documentación complementaria:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas ao fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nestas a favor da entidade local, referidos ao fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

Lémbrese á Corporación que a Regra 102 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004, no seu apartado cuarto sinala o seguinte:

*“A Aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.*

Por tanto, por esta Alcaldía elévase á Comisión Especial de Contas a adopción dos seguintes ditames:

**Primeiro.-** Informar favorablemente as contas citadas, ao conter os documentos e información prevista na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004, propoñendo ao Pleno da Corporación a súa aprobación e remisión posterior ao Consello de Contas de Galicia, e ao Tribunal de Contas, para a súa fiscalización externa.

**Segundo.-** Someter a Conta Xeral e os documentos que a compoñen ao trámite de información pública mediante Edicto que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Durante o prazo de quince días e oito máis marcado no artigo 212,3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán examinar a Conta Xeral e presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións consideren oportunas, que serán examinados por esta Comisión en reunión que celebre una vez finalizado o trámite de información pública.”

A Comisión informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Municipal Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno Municipal.”

O Sr. Alcalde explica que xa foi a unha comisión informativa fai tempo e que estivo en exposición pública. Pregunta se hai alguén que queira intervir.

D<sup>a</sup> Azucena González di que ela si que quere intervir. Explica que ela non tiñan ningún problema en votar a favor dun documento que é técnico e que supostamente debe reflectir a situación real e económico-financieira do Concello.

Reitera que non tiña problema en votar a favor e explica que di “tiña” porque retransmitiron nos medios de comunicación, antes de celebrar o Pleno, que o Pleno de Ribadeo analizará a conta xeral do exercicio 2013 que arroxou un resultado positivo de 874.000 €. Di que iso cambia a perspectiva porque votando a favor estaríalles dando a razón en que o fixeron moi ben e non o quere facer.

Comenta que si que é verdade o que din de que hai melloras, pero que tamén é verdade que hai algunhas debidas ao Plan de Proveedores, a que están atados por un plan de axuste, a que lles cambiaron o Interventor.

Comenta que lle parece moi ben que se boten os méritos, pero que está segura de que hai moitas cousas que influen, que non vai entrar en datos para non ser cansina, pero que as cousas non son tan brillantes como se pintan, como por exemplo 1.652.000,00 € de dubidoso cobro, 200.000,00 € de débeda extraxudicial non recollidos por ser a posteriori, 427.827,00 € en débedas comerciais de crédito sen contabilizar, polo que o dos 874.000,00 € non lle parece real.

Resumindo, di que non se pode manter unha cousa e a contraria, decindo fai un pouco que non poden dar 12.000,00 € ao comercio porque están moi achuchados e despois presumen de ser moi bos porque teñen 874.000,00 € de “beneficios”.

Opina que iso non é boa xestión, se non que é inacción, que é coller o que a xente paga de impostos e o que lles da o Estado e a Comunidade Autónoma, metelo nun caixón e con iso pagar as facturas, polo que para ela iso non é xestión e ela non o vai aprobar.

Para rematar di que cando ía para ahí un veciño lle dixo “se lles sobran os cartos, que llos den a Cáritas ou que nos baixen os impostos”. Di que ela sabe que todo non é tan sinxelo, pero que é para que vexa que non é ela soa a que o pensa, que non se pode decir por un lado que son grandes xestores e por outro decir que non teñen cartos para nada.

Intervén o Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Economía e facenda e dí que unha cousa é falar da exposición dun documento técnico e outra cousa é entrar nun debate no que xa entraron varias veces, como na liquidación anual ou nos debates de rendición de contas de decretos de alcaldía.

Explica que a situación mellorou por diversas cuestións, pero que realmente se pasou dun remanente negativo a un positivo, donde antes non se podía pagar as facturas aos provedores habendo retrasos de dous ou tres anos e agora se está a pagar ao día; explica que os remanentes e os resultados son os que permiten poder pagar ao día.

Di que despois das cantidades de dubidoso cobro e os créditos extraxudiciais aínda lles queda o remanente de oitocentos e pico mil euros, pero sen ese remanente non se poderían pagar as facturas ao día, xa que hai obrigas, impostos e taxas que non se cobran ao día; di que hai facturas que chegan a finais de ano e que se pagan en xaneiro, febrero e marzo, que iso vai a pasar sempre.

Opina que iso foi nunha parte grazas ao Plan de Pago aos Proveedores, pero que isto trae consigo unha amortización de centro e pico mil euros en cada exercicio, que son cartos que tamén hai que pagar cada ano e se lle sigue facendo frente. Indica que se mellorou con moita xestión en ingresos e en gastos, que non é coller cartos de un lado e metelos noutro. Comenta que nisto ten moito que ver o papel dos técnicos e máis o seguimento permanente dos ingresos e gastos, axustándose aos orzamentos de cada ano o máximo posible e intentar aprobalos ano tras ano.

Explica que a Lei de Estabilidade Presupostaria di que o remanente hai que usalo para amortizar débeda.

A Sra.González Loredo manifesta que a iso iba ela, que teñen 874.000 € que por Lei deberían ir a amortizar débeda.

O Sr. Castro Reigosa dille que non é así, que non nesariamente por Lei teñen que ir a amortizar débeda, que no caso de querer dispor de remanentes para outros proxectos se pode facer antes de amortizar créditos, que isto sería en segundo lugar, polo que se amortizan débeda non se pode pagar aos provedores.

Dona Azucena González Loredo di que sigue habendo un desfase porque o remante de crédito que hai no capítulo 6 de inversión reais son 392.000,00 € e que iso é crédito do que se podía dispor porque está orzamentado e non está gastado.

O Sr. Alcalde explica que con ese remanente evitan tirar da póliza de crédito e así gastan menos diñeiro.

O Sr. Castro Reigosa explica que non se tirou do capítulo 6 porque ao mellor foi imposible executar parte dese capítulo.

A Sra.González Loredo indica que si lles sobra diñeiro é porque non foron capaces de executalo.

O Sr. Castro di que non, que foi porque non se puido executar ao igual que noutros casos non se executa do capítulo 7. Pon por exemplo obras como a Residencia ou o Pavillón, que están orzamentadas nun exercicio e hai que incorporar créditos ao ano seguinte porque non se deu executado parte da obra.

A Corporación, por sete votos a favor (dos membros do BNG) e seis abstencións ( catro dos membros do PP, unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto e outra do Concelleiro de UPRI tamén no Grupo Mixto), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación de xeito definitivo ao expediente da Conta Xeral do exercicio 2013.

#### **2014.09.44.-DACIÓN DE CONTA DE INFORME SOBRE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS FORMULADAS POLA INTERVENCIÓN.**

Obra o expediente informe de Intervención relativo aos reparos resoltos pola Alcaldía entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 19 de setembro deste mesmo ano, emitido de conformidade co artigo 214 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais, cun total de 135 reparos.

Consta igualmente o informe da Alcaldía emitido de conformidade con canto dispón o parágrafo terceiro do artigo 281.1 do referido RDL 2/2004, xustificativo da súa actuación.

Intervén Dona Azucena González Loreda manifestando que van pedir a documentación respecto a algúhos casos concretos, pero que mañá non van a poñer un titular de que o Alcalde paga as nóminas en contra do que di o interventor porque non van facer ese tipo de política.

O Sr. Alcalde di que él intentou motivar todos os casos, que hai partes que se foron subsanando, creando regulamentos e criterios e desdomiciliando recibos; di que as veces se reparan cousas que son chorradas e pon como exemplo un día que lle preguntou ao Interventor porque lle reparou un viaxe ao que foron a Madrid en Ryanair o secretario, o arquitecto e él indo e vindo no mesmo día e gastando 60 € cada un e que lle contestou que porque non entregou factura; explica que RyanAir non da factura, que se fai por internet e se anticipa cunha visa, a cal non ten o Concello.

Di que para non ter reparo nese viaxe, que fixeron para ver un tema do Plan Xeral, sería chamar a unha axencia de viaxes, pedir para o día seguinte o viaxe e ahí, dese xeito, sí tería factura, pero que sería máis caro.

Rematada a deliberación a Corporación dase por enterada do informe de referencia.

#### **2014.10.45.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. ROGOS E PREGUNTAS. MOCIÓNS.**

##### **DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDIA**

Dase conta dos Decretos da Alcaldía-Presidencia dende o número 201 de data 1 de xullo ao número 258/2014.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta sobre o nº 209, páxina 4, rexistro 2024, 2025 e 2026. Di que hai unhos filtros que se puxeron nos albergues de peregrinos de Ribadeo e Vilela e outro nos pisos tutelados, costando cada un 724 €, e pregunta a que se refire ese filtro porque lle chama a atención a cantidade.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Economía e fanceda resposta que é de prevención da lexiónela.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que os filtros son de partículas e se non hai ningún especial para a lexiónela e volve a preguntar si é para eso.

O Sr. Castro Reigosa dille que si e que houbo que poñer eses filtros.

O Concelleiro don Horacio Cupeiro explica que intentaron comprar en Ribadeo pero que non puideron porque é unha CB e o Concello non pode comprar a CBs. Di que se pediron dous presupostos e se intentou comprar a Papel Plus, pero non se puido.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta que problema hai.

Intervén o Sr. Alcalde para terciar na discusión e dille ao Sr. Reymóndez Gancedo que non poden convertir esta sección nun debate, que non teñen ningún problema en que lle pregunten ou roguen algo, pero cando se chegue a rogos.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta si se comprou o material en Lugo por ese motivo.

O Sr. Alcalde pregúntalle a que se refire e o Sr. Reymóndez Gancedo di que porque se compraron gastando 3.381,00 € fora de Ribadeo habendo varias empresas en Ribadeo.

O Sr. Alcalde dille que anote as cousas e as dúbidas e preguntas e as faga no seu momento, que agora se ten que limitar a preguntar cousas moi sucintas.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que agora xa non sabe que lle vai preguntar.

Referente ao nº2017 páxina 4, rexistro 144 pregunta que é o gasto de 719,00 € en auditoría interna en sistema de xestión.

O Sr. Alcalde contesta que é unha consultoría estratéxica do sistema integrado de xestión de medio ambiente, ampliando o Sr. Cupeiro Rodriguez a explicación no senso de que se trata do sistema integrado de xestión medioambiental EMAS.

Contínua alacarando o Sr. Alcalde decindo que iso que pasou máis veces de que se detectou que a caldeira non cumpría, pois son os que determinan cousas dente o punto de vista ambiental.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese agora a unha responsabilidade patrimonial tramitada pola caída nun bache que había no viario do Eroski, que unha señora reclamou 334 e pregunta donde está ese socabón.

O Sr. Alcalde responde que cree que era no viario paralelo á estrada en Eroski, pero que en todo caso, cando hai un bache ou alguén reclama algo se pode demostrar a causa-efecto o Concello acaba tendo responsabilidade; por exemplo para acreditar iso que alguén pinche nun bache, deixe o coche alí e lle pida informe á Policía Local para demostralo, xa que non só por queixarse de que pinchou se lle vai facer caso.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se o bache sería no aparcamento do Eroski.

O Sr. Alcalde contéstalle que non e explica que sempre que se abona algo é porque detrais hai un expediente e unha proba documental.

Don Manuel Valín Valdés, do Grupo municipal Popular manifesta que para que o Sr.Reymondez Gancedo teña máis que decir, o PP non vai decir nada e vai dar todo por moi ben feito.

### **MOCIÓNS:**

#### **DO GRUPO DO BNG SOBRE VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

“A cuestión do respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrígalos a se comportaren deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación



de estimulación e frustración da fauna, conduce os animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e até automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, un extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Xulgamos que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.

E por iso que propomos:

1. Que este concello non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.
2. Declarar este concello vila libre de circos con animais.
3. Que este concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.
4. Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera.”

O Sr. Alcalde explica que houbo un debate hai dous meses, que lle parece que foi unha pregunta ou un rogo no último pleno ordinario e se falou algo de iso, dunha polémica que houbo nas redes sociais sobre un circo que viñera e que traía animais; explica que se falara de que tiñan unha moción tipo e decidiron levala ao Pleno.

Resume en síntese de que se trata; primeiro, de que o Concello non permita a instalación de circos con animais no termo municipal; aclara que di circos; segundo, declarar ese Concello vila libre de circos con animais; terceiro, non permitir a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal; cuarto, notificar este acordo á Xunta e ao Parlamento e á Asociación Animalista Libera.

Explica que el non leu a exposición de motivos e foi directamente ao que se pretende que sexa a parte dispositiva, e que é para evitar que se dea o sufrimento e o maltrato ao que se expoñen estes animais e que esteñan nunha situación que non é axeitada, a falta de liberdade, vivir engaiolados e unha serie de trastornos para os animais, polo que pretenden que esta proposta vaia adiante.

Di que quere que veñan circos a Ribadeo, pero que se traen animais non autorizalo ou poñerlles as máximas pegas posibles para non facelo.

De seguido ábrese un turno de debate, comenzando Don Eduardo Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE que indica que lle parece ben pero que é unha pena que non teña unha addenda sobre os touros, aínda que a Ribadeo non lle afecte, pero os circos si.

O Sr. Alcalde di que no mandato anterior a oposición tumbou isto.

O Sr. Gutiérrez di que foi no mandato anterior.

Intervén de seguido o concelleiro de UPRI Sr. Reymóndez Gancedo que manifesta que está de acordo no fondo da cuestión e que están todos de acordo no tema do maltrato dos animais; comenta que ve algunha pega porque non lle parece ben xeneralizar ata ese punto e buscar ese purismo, porque nun circo veñen unha serie de animais moi diferentes, como osos, leóns, elefantes e xirafas, os cales poden sufrir no transporte e estando alí, pero que se xeneralizan desa maneira, nas festas patronais, por exemplo, traen un espectáculo de cetrería e eses animais estaban alegres, ou por exemplo unhos cans que fan unha actividade nun circo non o pasan tan mal como os cans de caza que están dez meses encerrados na perrera.

Explica que ao mellor están moito mellor tratados os animais nun circo que en outros sitios.

Pon por exemplo si un circo trae cabalos e pregunta si se vai prohibir que actúen eses cabalos, porque se os comparan cos dun hipódromo ou cos que bailan, pois están nas mesmas.

Reitera que está de acordo na filosofía do maltrato dos animais, pero que non lle parece ben xeneralizar ata tal punto porque pensa que no que había que ser é moi estrictos coa lei que hai para o trato dos animais, porque se entran no tema de maltrato hai casos peores que un circo, como pode ser pescar e deixar que se afogue un peixe.

Continúa a deliberación entre os diferentes membros da Corporación e o Sr. Alcalde explica que a raíz de aquel debate e que con toda a boa intención trouxeron isto, que sabe que os pitos que se comen tamén son maltratados, pero que isto tamén se trata dos nenos e de darlles unha educación e di que ao mellor despois da votación os que teñen circos se preocupan de demostrar que teñen os animais en boas condicións e se pode modificar iso.

Rematada a deliberación a Corporación, por oito votos a favor ( sete dos membros do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo mixto) e cinco abstencións ( catro dos membros do PP e unha do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos propios termos da mesma.

### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

O Sr. Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE indica que non vai a formular ningún rogo nin pregunta.

### **DE UPRI**

O Sr. Reymóndez Gancedo di que ontes, o mércores día de mercado, e dende fai moito tempo, está vendo que ao rematar o mercado queda todo cheo de lixo, cartóns e plásticos por todos lados; di que por exemplo en Avilés cando a xente remata de vender deixa todo recollido e a policía local está ahí para comprobar que se cumpra, polo que o caso de Ribadeo é vergonzoso e di que isto ocorre dende sempre, polo que pide que os mércores ás dúas e media da tarde cando se vaian os comerciantes quede aquilo limpo, se tomen as medidas oportunas e se lle esixa aos municipais que cumpran co seu traballo.

Di que non teñen porque estar empregados municipais facendo horas, que supón que son extra, para limpar iso, que non sabe o tempo que lles leva, pero que estaban mellor facendo outra cousa; pensa que se deberían tomar as medidas oportunas para evitar iso por parte do equipo de goberno, porque se noutros concellos o fan non debe ser tan complicado e que hai que ter a vontade de facer cumprir isto para que non se sintan discriminados o resto de comerciantes.

O Sr. Alcalde di que non ten nada en que opoñerse.

O Sr. Reymóndez di que a ordenanza hai que facela cumprir e pide que se faga cumprir xa, porque igual que a policía local está mirando se ten o papeliño no punto azul que mire tamén si se limpa; pensa que con dúas semanas de tres ou catro sancións se acaba o problema.

O Sr. Alcalde di que acepta o rogo, que intentarán que para o mércores que ven se cumpra e que no seguinte pleno dirán a ver que pasou.

O Sr. Reymóndez Gancedo pasa ao seguinte rogo. Di que hai unha serie de queixas de veciños de algunhas parroquias como Couxela, Santalla, Piñeiro, etc, porque solicitan alta en internet nunha compañía de telefonía e teñen problemas para as altas e instalacións, polo que quere saber si o Concello pode facer algo para solicitarlle a esas empresas que non haxa cidadáns de primeira nin de segunda nin de terceira.

O Sr. Alcalde dille que o Concello non pode solucionar directamente o problema pero que si pode ser receptor de queixas; di que dende a asociación de Concellos, na que está o Concello de Ribadeo dende fai dous ou tres anos, usouse un diñeiro de un fondo Estatal Europeo para dotar de cobertura de banda ancha a toda esa zona co operador que gañou o concurso, que se chamaba Eurona, e que sigue operando. Explica que outra cousa é que esas persoas queiran seguir operando con outras empresas e di que el sabe que hai un operador que da unha boa calidade de cobertura e que no seu momento enviaran aos veciños panfletos informativos.

Reitera que esa empresa, que tamén da servizo na zona de Asturias, ten moi boa cobertura e servizos, aínda que hai algunha zona que non está ao 100%, que hai algunha zona na que Mondigo non alumina, pero que no resto de zonas chega perfectamente, incluso no polígono industrial. Repite que a empresa se chama Eurona.

Manifesta que se hai algúnha cuestión él estima o que lles vaian decir ahí, que lles presenten un escrito; pon por exemplo que en algunha ocasión chamou ao número de teléfono que lle deron, chamaron á operadora e resolveron o problema, pero que xa fai varios anos, poñendolle ao cliente gratuitamente unhas postas de madeira para que lle chegase a ADSL. Comenta que é boa cousa que lles dean o número de teléfono, porque se non é imposible.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que se houbese máis folletos informativos, ao igual que o Concello informa aos veciños por outros medios como a radio, estaría ben que usaran iso.

Referente á casa que foi dos profesores na zona de Paco Lanza onde se vai facer a residencia da terceira idade o Sr. Reymóndez Gancedo pregunta cal é o uso específico que se lle vai dar a esa vivenda.

O Sr. Alcalde di que valoraron varios pero que agora mesmo ningún e que incluso valoraron se é convinte que iso siga ahí ou non porque estruturalmente non é nada do outro mundo, nin está ben nin cumpre as normativas para un centro público. Explica que existen varias posibilidades que van dende a demolición para conseguir facer unha zona verde máis ampla ata unha casa auxiliar de servizos para a residencia ou algo vinculado a servizos sociais; comenta que calquera cousa que se faga é complicada pola distribución, materiais e normativas e que os portavoces xa faláron deste tema cando foi o caso da residencia.

Opina que por prudencia non se debe derruir agora porque ao mellor se arrepiñen e que sempre se está a tempo de demolela xa que economicamente non supón moito; di que agora está servindo transitoriamente dunha especie de caseta de obra para cambiarse e gardar as fundas os obreiros do centro de maiores.

O Sr. Reymóndez Gancedo fala da pista que hai dende o Alimerka ao “xardín de Sela” e di que hai unhas canas, polo que pide si poden actuar sobre elas.

O Sr. Alcalde dille que si, que xa as veu hoxe.

O Sr. Reymóndez pregunta como quedou o contencioso-administrativo que houbera contra o antigo enterrador. O Sr. Alcalde dille que administrativamente quedou resolto hai moito tempo; preguntándose se hai sentenza, o Sr. Alcalde dí que non.

### **DO GRUPO DO PP.**

Dona Maria del Campo López-Braña Freije, concelleira do Grupo Municipal do PP pregunta se hai algúnha forma de regular o tráfico á entrada e saída dos colexios na zona do Sagrado Corazón, que polo menos houbese no cruce un policía local.

O Sr. Alcalde pregunta cal cruce, indicándose que no cruce de abaixo, en Picarolas. Opina que algún día vai haber un problema.

O Sr. Alcalde explica que ahí hai un problema e que xa o faloron coas monxas fai anos; di que non é porque a policía queira ou non ir, pero o que non pode facer, nin no colexio público nin no privado, é ser os gardas xurados do colexio.

Debátese sobre este tema indicando que se refiren a que se controle o tráfico non aos nenos.

O Sr. Alcalde di que no colexio público non se poñen na porta, que se poñen na estrada de Vilela, manifestando novamente a Concelleira que ela se refire ao cruce non á regulación na porta e que regulen o tráfico.

O Sr. Alcalde dase por enterado.

A Concelleira Sra. López-Braña Freije refírese noutro rogo aos espellos na saída do Centro de saúde

Dona Azucena Gonzalez Loreda manifesta que quere facer outra pregunta. Explica que no outono do ano pasado se adoptou un acordo no Pleno no que se aceptaba da concesionaria da piscina municipal a débeda que tiña co Concello a cambio de cambiar o sistema de cloro e arranxar o tellado, pero que sen embargo non o fixeron e quedaran en facelo en setembro.

O Sr. Alcalde explica que enviaron fai pouco unha comunicación na que daban un prazo para facelo agora.

D. Vicente Castro di que estiveron reparando a cuberta.

A Concelleira que formula a pregunta indica que se o fixeron, o outro día estivo estaba chovendo dentro da piscina e do ximnasio, co peligro que supón.

Delibérase sobre esta cuestión entra a Concelleira Sra. López-Braña Freije e o Concelleiro Sr. Castro Reigosa.

A mesma concelleira pregunta se o anterior concesionario das obras do pavillón polideportivo chegou a presentar un contencioso-administrativo. O Sr. Alcalde dille que non.

Intervén a Sra. González Loreda, referíndose ao rogo anterior sobre o control do tráfico no colexio propón que se non poden estar os municipais na saída do colexio se regule o sentido do tráfico para esas horas determinadas.

O Sr. Alcalde di que ese devate xa o tiveron fai 3 ou 4 anos coa directora e coa policía local, estudiando o caso e que iso é moi complicado; di que é imposible que un conductor recorde que 15 minutos pola mañá e 15 minutos a medio día non se pode entrar.

A continuación di que ten dous rogos e lle vai transmitir queixas dos veciños en relación co tema do cemiterio; explica que cando se sega non se recolle a herva, polo que se queda pegada encima das sepulturas e ao chover crea unha masa que teñen que estar limpado os usuarios cada vez que se sega. Pide que cando seguen teñan o coidado de non deixar a herva por encima das sepulturas. Tamén pide que se poden as árbores.

O Sr. Alcalde pregúntalle cales.

Dona Azucena contesta que non sabe de cal lugar concreto era a queixa pero que si sabe que estánas pólas encima das cruces.

Don Horacio Cupeiro manifesta que as árbores se podarón en verán, incluso contra a orientación de moitas persoas que non estaban de acordo con que se podaran; comenta que esas árbores medran moito pero que as podan dúas veces ao ano e que con isto non quere decir que non haxa algún que esté mal xa que se alguén lle foi decindo algo é porque realmente o hai.

Intervén a continuación o Sr.Valín Valdés concelleiro do Grupo municipal do PP que lle pide ao Sr. Alcalde que quere facer un rogo en relación coa moción que teñen de accesibilidade. Pídelle que estude a posibilidade, xa que lle consta que a teñen dende fai 4 anos todos os grupos porque COGAMI a enviou, de tratar de estudar ese tema.

O Sr. Alcalde di que é certo que parece que é un tema ao que lle está dando largas; di que o estivo falando o outro día e que os técnicos non cuestionan nada do que poidan aportar pero que coa nova normativa, que xa hai declaracións responsables e pide axuda para buscar un consenso que complementa iso.

O Sr. Secretario explica que o tema da accesibilidade e de redactar un documento é moi complicado polo motivo de que hai moita lexislación e moitas veces non se sabe si está actualizada ou non; explica que non é por vagancia se non por complexidade polo que non se fixo e que neste caso pasa ao igual que co regulamento do cemiterio, que son temas moi complexos de facer con moitísima materia e moi amplos.

Opina que podía ser bon usar unha básica e traballar sobre ela, pero explica que a accesibilidade xa está integrada no Plan Xeral, na normativa das licencias de obra, nas comunicacións previas e nas declaracións responsables, indicando unhas materias que hai que cumprir por Lei.

O Sr. Alcalde di que van a crear unha comisión de portavoces e van a traer aos xurídicos, aos técnicos e ao Interventor e di que isto se ten que facer antes do próximo Pleno Ordinario.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,